

## foz

Danza, teatro, circo de rúa e música, na programación cultural. **Páx. 4**

## ribadeo

A localidade consolidouse como destino turístico cun aumento de visitantes. **Páx. 9**

## cervo

Lícitan a construción dun novo Punto de Encontro Familiar. **Páx. 17**

## trabada

O Concello inicia as obras dunha área recreativa en Vilapena. **Páx. 21**

## deportes

As probas atléticas serán as protagonistas do programa deportivo deste mes. **Páx. 28**

# A comarca, na pelexa pola falta de médicos



## Traballadores de Alcoa reclaman atención á Xunta

O comité de empresa de Alcoa volveu solicitar unha reunión coñecer a situación actual. **Páx. 2**

## Impulso ás Reservas da Biosfera

A Deputación aprobou os 41 proxectos medioambientais. **Páx. 25**

## Asociación Gaita Escola



Pon en marcha os Cantos de Taberna nos Remedios de Mondoñedo. **Páx. 15**

## Saiñas de Xove



Organiza a mediados de setembro a Foliada da Mariña. **Páx. 16**

## Club de tenis A Marosa



Cumpriu o seu décimo aniversario cunha intensa actividade todo o ano. **Páx. 29**

## Volve o fútbol e o fútbol sala con cambios

Analizamos o inicio da tempada para os equipos da provincia coa nova normativa Futgal. **Páx. 30-31**

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



## GRUPO FORMAT

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605

# A MARIÑA



## A Plataforma Sanitaria critica a situación da atención primaria

A Plataforma Sanitaria da Mariña denuncia que o distrito sanitario da Mariña atópase nunha situación moi deficitaria en relación aos servizos sanitarios básicos en todas as épocas do ano, mais nas épocas estivais agudízanse moito os déficits, xa que a poboación na comarca triplica ou cuadruplica a súa poboación.

“Malia que o Sergas e a Consellería de Sanidade persisten en tentar convencer á poboación de que todo funciona á perfección, a realidade é que a día de hoxe hai centros de saúde onde falta o cen por cen do cadro médico nestes momentos e estase a substituír cunha persoa que realiza actividade asistencial dúas horas, como está a acontecer en Trabada onde hai un ano que se xubilou un dos facultativos e en ningún momento se cubriu esa ausencia; sumándose nestes momentos a falta do segundo facultativo”, aseguran.

Lembran que na localidade do Vicedo situación de falta de médicos desde hai máis dun ano é insostible

e vergoñenta e desde este colectivo esixe que se lle de resposta inmediata a unha poboación que está a mobilizarse practicamente todas as semanas pola falta de facultativos. No resto de centros de saúde da Mariña a situación é tamén grave xa que non se cobren as ausencias por baixas, permisos ou vacacións, poñéndose parches a costa do persoal que con moi boa vontade cobren as ausencias dos compañeiros ou prolongan a súa xornada.

A maiores non contan con persoal para atender ás persoas desprazadas, o que agrava e magnifica a crítica situación xa existente. “Na atención hospitalaria estamos a sufrir un incremento nas derivacións cara a Lugo para a atención de procesos que deberían ser resoltos no propio hospital da Mariña, pois sumado á decisión da Xerencia de pechar a planta de Medicina Interna, estamos en niveis mínimos de persoal desde ou incluso con ausencia total nalgunha especialidade”, din.



## O comité de Alcoa denuncia o “abandono” da Xunta

O comité de empresa de Alcoa volveu solicitar á Xunta unha reunión empresa para dar a coñecer a situación actual da aprobación do DBR e os parques eólicos e solicitar a urxencia destes permisos, xa que sinalan que son temas de vital importancia para a continuidade da planta.

Esta reunión aseguran que xa se solicitara o 18 de xuño, pero que non tiveron resposta, polo que volveuse a demandar o 27 de xuño. Actualmente, esa xuntanza non se produciu, o que significa para eles “unha deixadez e un abandono por parte da Xunta de Galicia en temas de vital importancia para o futuro do complexo industrial e da comarca”. Dende o comité solicitan unha reunión con Pablo Fernández Vila, director xeral Planificación Enérxetica e Minas; Paula Uría, directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático; María Jesús Lorenzana, conselleira de Economía e Industria; Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático e presidente da Xunta Alfonso Rueda. Despois de que a planta de produción de Alúmina de San Cibrao pasara a ser propiedade na súa totalidade



de da multinacional estadounidense Alcoa, os traballadores reuníronse con representación da empresa para negociar o incremento salarial do persoal de función directiva. Deste xeito, pediron unha serie de documentación como os incrementos separados por xénero, as táboas salariais e o sistema de valoración. Aseguran que a compañía entregou toda a documentación, agás os incrementos salariais dos últimos 5 anos e unha táboa de importes xerais de retribucións, alegando que o resto de información entregarana en caso de chegar a un acordo.

Ao non resolverse a súa petición, os traballadores piden que se recupere o poder adquisitivo perdido dende o 2018 entre as subidas realizadas e a subida do IPC e que todos os PFD’s poidan pasar a convenio, creando novos niveis. Deste xeito, sinalan a perda do poder adquisitivo do colectivo PFD’s nos últimos 5 anos e manteñen a dúbida de se o novo sistema vai a ser positivo ou vai a supoñer unha perda de novo do poder adquisitivo. Polo momento, esperan unha contestación por parte da compañía á proposta así como a entrega da documentación solicitada.

## A provincia contará con 17 obradoiros duais en 46 concellos

A Xunta aprobou 17 obradoiros de emprego duais en Lugo, aos que destina máis de 7,1 millóns de euros. Unha parte do orzamento destinarase a incentivar a contratación das persoas participantes unha vez rematada a súa formación.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, explicou que as iniciativas aprobadas implican a 46 concellos e están dirixidas a mellorar as oportunidades laborais de 340 persoas desempregadas. Entre os sectores aos que se estenderán durante 9 meses rexístranse os relativos á atención sociosanitaria, distintos aspectos da construción, o sector forestal ou de viveiros e xardíns, a limpeza, xestión

de residuos, turismo, tratamento de datos e control de pragas.

Estes obradoiros perseguen mellorar a empregabilidade, ofrecendo unha formación teórico-práctica para o emprego de calidade. Ao tempo, suporán a mellora das dotacións públicas ou de uso público no ámbito local, así como a prestación de servizos de interese xeral e social que repercuten na mellora da calidade de vida e dos servizos para o conxunto da sociedade.

Para acceder a estes programas, priorizaranse as persoas con especiais dificultades de inserción: mulleres, vítimas de violencia de xénero, emigrantes retornadas, persoas que esgotaron as prestacións e subsidios

por desemprego, desempregadas de longa duración, maiores de 45 anos ou persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, entre outras. Terán preferencia tamén as persoas discapacitadas ou as beneficiarias do tramo de inserción da renda básica de Galicia, así como as que solicitaran este servizo a través da súa demanda de emprego e, dentro destas, aquelas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral.

A Xunta encargárase de financiar a formación profesional para o emprego, así como os custos salariais derivados dos contratos dos participantes, que serán 20 por taller.



**CURSO 2024/2025**  
Reservar tu plaza en Foz para el nuevo curso

Preparados por Cambridge English Qualifications



**Reserva ahora!**  
982 103 377  
605 738 247

[www.docklandsacademy.es/matricula](http://www.docklandsacademy.es/matricula)

# A Deputación dá unha achega ao colectivo Nenos Ponte dos Santos

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, vén de asinar un convenio coa presidenta da Asociación Nenos Ponte dos Santos, María José Sante Riopedre, a través do cal a institución provincial achega a esta entidade 14.000 euros para colaborar co transporte escolar.

O mandatario provincial puxo en valor o labor que desenvolve este colectivo na integración e mellora da calidade de vida e de benestar dos nenos e nenas usuarios e tamén das súas familias. Tomé Roca, tamén subliñou que "o seu traballo é fundamental para construír unha sociedade máis xusta, inclusiva e igualitaria". A través desta axuda os usuarios e usuarias do colectivo, formado por familias con nenos e nenas con discapacidade dos concellos de Alfoz, Foz, Barreiros, Cervo e Ribadeo, poden asistir ao Colexio Edes. Trátase dun centro específico, situado no municipio asturiano Tapia de Ca-



sariego, que recibe alumnado con discapacidade intelectual desde os 3 ata os 20 anos de idade. Así mesmo, conta cunhas instalacións adaptadas ás necesidades dos estudantes como salas de estimulación ou aulas de audición e linguaxe, entre outros espazos.

A metodoloxía de traballo que se desenvolve neste centro educativo vai dirixida a mellorar o desenvolvemento integral dos alumnos, fomentando a aprendizaxe de habilidades persoais e laborais necesarias para aumentar a súa autonomía. Nesta liña, participan en obradoiros de cociña, teatro, horta e xardinería ou comercio e, ademais, tamén reciben clases de música, educación física, fisioterapia e sesións individuais de logopedia, dependendo das necesidades de cada alumno.

mento integral dos alumnos, fomentando a aprendizaxe de habilidades persoais e laborais necesarias para aumentar a súa autonomía. Nesta liña, participan en obradoiros de cociña, teatro, horta e xardinería ou comercio e, ademais, tamén reciben clases de música, educación física, fisioterapia e sesións individuais de logopedia, dependendo das necesidades de cada alumno.

# Uns 550 proxectos foron asesorados nos polos de emprendemento



Xa son máis de 550 proxectos, en diferentes etapas de desenvolvemento, os que se levan atendido a través dos cinco Polos que están abertos actualmente na provincia de Lugo: Friol, Mondoñedo, Sarria, A Fonsagrada e Monforte de Lemos. Ademais, a través desta Rede -unha iniciativa na que se presta asesoramento individualizado e gratuito a calquera persoa que queira emprender un negocio ou consolidar o que xa ten- os técnicos e asesores de Lugo xa realizaron 1.460 titorías, tanto en liña como presenciais, coas persoas emprendedoras, un 57 % delas mulleres. Canto aos sectores predominantes en Lugo, destaca a hostalaría (22%), seguido do comercio (12%) e da agricultura, gandaría, silvicultura e pesca (11%). Entre os proxectos atendidos, tamén figuran máis dunha trintena específicos de remuda, xa que a Rede de polos ofrece tamén un acompañamento para asesorar, axilizar e facilitar os procesos de transmisión de negocios en funcionamento establecidos no territorio galego para garantir a súa continuidade e evitar o peche por falta de persoas emprendedo-

ras que os manteñan. O programa permite, deste xeito, poñer en contacto a aqueles que venden ou alugan a súa empresa, con persoas interesadas en facerse cargo dela, apostando así por un proxecto empresarial consolidado e viable e reducindo os riscos da posta en marcha dun novo negocio. Ademais, a Xunta ofrece axudas a través do Bono remuda, unha convocatoria aberta ata o 30 de outubro e dotada con 1,5 millóns de euros. Ademais, o dinamismo dos polos de Lugo -no seu papel fundamental como vertebradores do territorio- reflíctese nas máis de 270 actividades que levan organizado, entre reunións con entidades do territorio, accións de formación e eventos. A Rede de polos forma parte tamén da aposta estratéxica do Goberno galego por apoiar iniciativas que contribúan á innovación e á vertebración do territorio, fixando poboación no rural e poñendo a disposición das persoas emprendedoras todas as ferramentas necesarias para impulsar as oportunidades de negocio e aproveitar os recursos dispoñibles.

# Novas rutas da Mancomunidade

A Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense abre novas datas na programación de actividades de Xeoturismo, posto en marcha o pasado mes de decembro a través do Plan de Sostibilidade Turística.

A ruta en barco ata o Fuciño do Porco esgotou as 12 prazas ofertadas para o 25 de agosto en cuestión de horas, polo que foi programada unha segunda data para o 21 de setembro que, ao igual que a primeira, será unha xeoruta en barco ao Fuciño do Porco con saída desde Viveiro, guiada polo xeólogo Fran Canosa. O acceso desde terra a este punto a través das populares pasarelas está pechado actualmente e ata novo avi-

so, polo que esta actividade é unha proposta única para poder coñecer de preto o Fuciño do Porco e poder apreciarlo desde a perspectiva que tiñan os mariñeiros que o bautizaron con este nome, coñecer e entender moito mellor a súa formación e paisaxe.

Para o 8 de setembro está prevista a xeoruta Xove, unha ollada baixo a alfombra, que estará dirixida polo xeólogo Fran Canosa. Nesta xeorruta terase a oportunidade de observar o aspecto das rochas nas profundidades da codia terrestre. Unha mestura de rochas ígneas de todas as composicións, deformadas a altísima presión e temperatura. O 22

de setembro, da man do xeólogo Iván Rodríguez, haberá unha visita guiada á Frouxeira, entre Foz e Alfoz. Esta ruta, ao igual que as anteriores, tivo unha gran acollida. Neste percorrido xeolóxico coñecerase o domo granítico da Frouxeira, un lugar singular con connotacións históricas debido á existencia, tempos atrás, dunha fortaleza, obxecto de asedio e destrución tras a derrota do Mariscal Pardo de Cela.

A nova data programada é para o sábado 28, na que terá lugar a visita á do Cova do Rei Cintolo en Mondoñedo. Esta é a cova visitable máis grande de Galicia e unha marabilla natural moi apreciada polos xeólogos.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados

NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN

ARTAI  
HORMIGONES

Móvil: 692 946 694  
629 817 933  
comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros

TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## Acia Foz comeza a súa campaña de Volta ao Cole con sorteos

AciaFozCCA sorteará 500 euros en vales de compra na campaña da Volta ao Cole, que desenvolverá do 29 de agosto ao 15 de setembro. O presidente da asociación focense, José Carlos Paleo, explica que “aquelas persoas que realicen as súas compras no CCA de Foz por un importe superior aos dez euros participarán no sorteo de 500 euros en vales de compra. Serán 10 premios de 50 euros cada un”. O sorteo terá lugar en Radio Foz o 16 deste mes. Paleo indica que “deste xeito queremos premiar á fiel clientela do comercio de Foz, que para a volta ao cole volve confiar nos negocios locais, nos que ten a carón da súa casa. Nas librerías, nas tendas de deportes, nas de moda, nas de calzado... atoparán todo o que precisan para a chegada do outono e para o inicio do novo curso escolar. Mercado en Foz seguimos facendo pobo e si ademais levamos un premio de 50 euros para a casa, moito mellor. Toda axuda para a volta ao cole será ben recibida”.

## O Concello leva adiante unha bonificación ás familias numerosas no IBI

A concelleira de Facenda de Foz, Inés López Couto, pídelle ao PP a “non dar datos ao chou escollidos dos informes sen lelos despois das afirmacións erróneas do líder da oposición, o señor Castiñeira”, sobre o imposto de bens inmobles (IBI). “Sabemos que os datos dos informes poden utilizarse de forma negligente, pero neste caso é unha barbarie. Os datos da tesourería indican que a recadación prevista para o 2025 é de 2.847.754 euros fronte aos 2.833.975,16 euros previstos para este ano. O incremento é de só 13.779 euros, un 0,5 % máis, e non o que di o líder da oposición dun 3,8 %. Son datos e hai que dalos e non malinformalos”, explica Inés López Couto.

A concelleira de Facenda manifesta ademais que Javier Castiñeira “subiu o IBI de forma lineal máis dun 50 %, no peor da crise do ladrillo, cando peor o estaban a pasar as familias. Ademais a nós nunca se nos ocorrería inventarnos unha bo-

## Danza, teatro, circo de rúa e música, na programación cultural

O Concello dá o pistoletazo de saída a súa programación cultural outonal, que inclúe danza, teatro, circo de rúa e música. A presentación realizarase o sábado, 7 de setembro, ás 19.00 horas na Sala Bahía, que acollerá dous espectáculos de danza. Poderán desfrutarse de forma gratuita. O primeiro dos espectáculos que se poderá ver é *Rito*, unha peza que poñerán en escena os alumnos do Conservatorio de Danza de Lugo en colaboración coa compañía Colectivo Glovo. A continuación será a quenda de Colectivo Glovo, coa súa obra Tabú.

“Agardamos que este primeiro día, no que comezamos a tempada con danza, o público poida ver a fantástica programación que deseñamos para os vindeiros meses”, indica Inés López Couto. Couto engade que “que non é a única oferta da finde, xa que o domingo comeza o Festival de Teatro Aficionado de Foz, no que o Concello colabora coa Asociación Pico do Castro



e Fegatea. Pico do Castro forma parte da Federación Galega de Teatro Aficionado e propúxonos traer a Foz un festival para que todo o mundo poida ver as obras das compañías galegas que forman parte da federación”.

Comezan o domingo 8 ás 19.00 horas na Casa da Cultura coa obra *Arte*, de Hipócrata Teatro. O prezo da entrada será de 3 euros. A concelleira de Cultura destaca que “a

cultura é fundamental polo que as propostas pretenden chegar a tódolos públicos. E, por suposto, continuaremos coa axenda aberta para novas ideas”. Pola súa parte, o alcalde de Foz, Fran Cajoto, convida “a que todos aqueles que queiran ver cultura de calidade en todos os ámbitos nos acompañen en Foz, xa que tanto asociacións como profesionais ofrécenos un outono cheo de vida”.

## Reabren o parque infantil de Marzán, tras a súa renovación



O Concello procedeu á reapertura do parque infantil de Marzán, que foi renovado integramente. O alcalde de Foz, Fran Cajoto, explica que esta actuación foi posible grazas a un investimento de 32.000 euros aportados pola Deputación de Lugo: “Fíxose unha renovación integral do parque, cun pavimento continuo de caucho con distintas cores e xogos de gran calidade”.

O rexedor municipal destaca “a nova estrutura con zona de escalada e tobogán, apta para nenos de 3 a 14 anos, cunha lonxitude

de máis de 9 metros e na que a plataforma máis elevada está a 2,10 metros do chan”. O alcalde anuncia que “nun breve prazo substituiranse os 8 bancos existentes no parque por novo mobiliario e dispoñeranse catro pezas biosaudables (pedais, manivela rotativa, pé oscilante e zig-zag) para completar o espazo, en virtude aos remanentes da adxudicación que xa foron solicitados á administración provincial”. Os traballos continúan no parque do Cu do Castro, na praia de Llas, que se pechou ao público.

## O PP denuncia que o novo rueiro dixitalizado non entrou aínda en vigor

O Partido Popular de Foz denuncia que o alcalde “tira” os cartos en estudos que logo non se usan. Poñen como exemplo o novo rueiro municipal dixitalizado que costou case 15.000 euros e que non entrou en vigor. “Preguntámonos que pasa co rueiro municipal dixitalizado que anuncio o señor alcalde que tiña contratado. Sabemos que está feito o gasto porque se fixo un contrato menor cunha enxeñería privada para que o elaborara, sabemos que a empresa entregou o documento pero o equipo de goberno non o leva ao pleno, está paralizado e non se lle expón aos veciños”, explica o voceiro popular, Javier Castiñeira.

En definitiva, cren “que é unha forma de tirar os cartos porque se contrata algo e non o rematas, non o levas ata a publicación definitiva é como se non existira. Esta é a forma de traballar do señor Cajoto e so el sabe porque pagou algo que agora non usa”, explica o voceiro popular, Javier Castiñeira.

## A concelleira popular Mercedes Rodríguez deixa a súa acta por motivos de traballo

A concelleira do PP Mercedes Rodríguez ficha como xerente adxunta da Cooperativa de Armadores de Vigo e deixa a súa acta porque entende que “non procede continuar como concelleira e viceportavoz do grupo municipal” porque “as obrigas do meu novo posto inclúen o cambio de domicilio e considero imprescindible estar no día a día do pobo para exercer o labor de representante dos veciños de Foz”.

Tanto os compañeiros do PP de Foz coma o Partido Popular da provincia como “coñecedores da valía de Mercedes Rodríguez no persoal e no profesional, especialmente no sector pesqueiro”. Nese sentido, trasládanlle “a mellor das sortes” nesta nova responsabilidade que lle “require unha importante dedicación a unha cooperativa cunha flota por tódolos mares e que a converte nunha das máis importantes non só de España, senón de Europa ou incluso do mundo”, segundo apunta o portavoz, Javier Castiñeira.

O Grupo Municipal Popular de Foz incorporará a Miguel Fernández, fillo de Pedro Manín -o anterior tenente de alcalde durante o goberno popular-.

## O alcalde pide unha reunión coa conselleira para falar da residencia

O alcalde de Foz, Fran Cajoto, solicitou novamente unha reunión coa conselleira de Política Social, Fabiola Martínez, tras non recibir resposta á carta enviada o 10 de xuño. Cajoto destaca que xa pasaron tres meses sen resposta a unha solicitude de reunión que considera urxente. Explica que a conselleira está a incumprir o convenio asinado co Concello, no que o Consorcio de Igualdade e Benestar se comprometía a ceder a propiedade do edificio e do mobiliario da residencia e centro de día de Foz, pero ata o momento non houbo ningún avance.


O alcalde tamén menciona que o modelo de xestión actual foi herdado do Partido Popular e que non se puido cambiar en xaneiro de 2023, cando vencía o anterior convenio. Cajoto subliña que a problemática das tarifas deriva de compromisos adquiridos polo anterior alcalde, Javier Castiñeira, en 2017 coa Xunta. Ante esta situación, o Concello de Foz está a asumir un custo anual de 370.000 euros para cubrir as prazas dos 40 residentes, unha responsabilidade que, segundo Cajoto, debería corresponder á administración autonómica.



Finalmente, o alcalde insiste en que o proceso non debe rematar coa adxudicación á empresa que gañou a licitación pública, senón que é necesario aumentar as prazas da residencia e artellar, xunto coa Xunta de Galicia, os mecanismos para que esta asuma a súa parte correspondente. Cajoto conclúe que a conselleira debe escoitar aos veciños de Foz, representados polo seu alcalde. Pola súa banda, a Plataforma de Afectados pola Suba Abusiva de Tarifas na Residencia e Centro de Día de Foz esixe de novo unha reu-

nión para abordar a problemática e denuncian a resposta por parte do alcalde ás súas propostas. Tras diversas reunións co alcalde e a concelleira de asuntos sociais, o 18 de xuño presentaron no rexistro do Concello de Foz un escrito no que se resumían as que, para eles, poderían ser algunhas das solucións á situación. Con elas pretendíase instaurar un punto de partida para unha negociación e solicitábase que os servizos xurídicos do Concello fixesen una avaliación das mesmas.

## O porto de Foz estrea un novo pantalán para piraguas e kayaks



Foz estrea un novo pantalán para piraguas e kayaks fronte ás instalacións do Club Kayak de Foz que substitúe e mellora ao que había o cal estaba deteriorado e presentaba dificultades técnicas para a entrada deste tipo de embarcacións. Esta infraestrutura estará activa para todos os usuarios, especialmente, para as travesías que organiza o club de kayak e para os adestramentos dos seus membros.

“Esta xestión foi feita polo PP e agradecemos a Portos de Galicia a súa axilidade para que este novo

equipamento sexa unha realidade e o cal presenta un sistema moito máis adaptado e seguro para este tipo de embarcacións” sinala o voceiro popular, Javier Castiñeira. Esta nova infraestrutura era unha demanda do Club Kayak, “unha entidade que merece todo o recoñecemento e apoio polo magnífico traballo que realizan na organización de eventos deportivos e na formación de piragüistas e, ademais, o kayak é un referente no deporte focense e é bo para todos que se vaian mellorando os equipamentos”.



[www.arnaovermut.com](http://www.arnaovermut.com)

arnaovermut

Arnao Vermut

# Foz

## A depuradora, un novo auditorio e o asilo son as prioridades de Javier Castiñeira, líder do PP

**Lucía Blanco**

Tras oito anos no Goberno, o popular Javier Castiñeira pasou a formar parte da oposición, onde cumpre outros 5 desempeñando un labor que non sempre obtén o recoñecemento que merece. “É a veces unha función moi ingrata e o protagonismo é totalmente diferente. Estar vixiante é ingrato, gústache máis o labor institucional e de goberno, pero está claro que hai que asumir o cargo coa ilusión que merece e ademais a opinión dos cidadáns ten que estar por enriba de todo”, conta.

Ese cambio de responsabilidades non o fixeron dudar da súa dedicación pola xestión municipal. “Despois de tanto tempo no Goberno, igual pensas en irte para outro posto diferente, pero a min a administración local gústame dende o punto de vista que toque”. Entre as funcións que desempeña a oposición, máis aló do seu “fin construtivo”, sinala a fiscalización do Goberno. “É necesario, aínda que non sexa o que mais che guste. Toca pedir responsabilidades e que se cumpran os compromisos que prometeron na campaña. E tamén intentar convencer ao Goberno de que as cousas que propós son positivas, pero é algo recíproco, pero o equipo de Goberno tamén debe saber asumir ese rol e non sempre se cumpre”.

Súmase a este papel, a necesidade de detectar as necesidades da ve-



ciñanza. “Estamos preto deles. Ás veces cando estás no Goberno a xente igual non se atreve a comentarche melloras e dende a oposición tes unha realidade diferente, hai que ter en conta iso porque non cabe dúbida de que é importante”. No mes de setembro, continúan as obras de canalización de impulsión da nova depuradora do concello, precisamente unha das prioridades para os populares. “Fixemos o seguimento para que se empezara canto antes a depuradora, que para nós era fundamental e sobre o que xa traballamos no seu día cando estábamos no goberno. Dentro das boas relacións coa Xunta, conseguimos o financiamento e situala no sitio que fora o menos lesivo posible”. Neste sentido, sinalaban como prioritario o arranxo do colexio rural de Nois, que afecta a unhas 4 parroquias, e un novo auditorio municipal. “Creamos necesario dotar a Foz destas instalacións, pero nestes 5 anos de goberno socialista seguimos como estábamos, non se fixo ningunha xestión”, conta.

Tampouco se esquecen do asilo. “Segue como estaba ou peor, non se lle dá un mantemento a ese edificio tan importante. Non se conseguiron máis prazas de residencia que necesita Foz, unha dotación que se fixo cando nos estivemos no Goberno, pero necesitamos da

mentres eu estiven de alcalde, pero agora que teñen a posibilidade de proximidade vemos que tampouco se está aproveitando”.

### INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS

No seu caso, destaca que aproveitan as relacións co Goberno autonómico para mellorar as infraestruturas portuarias da vila, entre elas a dársena de Portochico, apoiando tamén a colectivos como Ribeira e o Club Náutico e mesmo a Confraría de pescadores. En canto ao núcleo urbano, lamenta o estado e a falta de humanización do centro. “Ademais, suxerimos que se siga facendo urbanismo, mellorando o plan xeral. Hai que rematar o PEPRI, o plan especial da reforma interior da zona centro, que está sen facer. Parece que nos asuntos importantes non queren meterse. O pobo está paralizado”.

En canto ás relacións co Goberno critica que non se estea contando co Partido Popular a pesar da súa experiencia na Alcaldía. “Estamos corrixindo moitos dos fallos que ás veces se están cometendo, facemos suxerencias pero non se ten en conta o noso traballo. Non nos chaman nin para preparar os orzamentos, os asuntos cando os atopamos no pleno a penas veñen traballados e pouco se nos informa”. Por iso, a idea principal para eles é retomar o Goberno, porque “porque queda demostrado que Foz mellora ou mellorou se o Partido Popular goberna”, aínda que as pretensións de Castiñeira a nivel persoal están máis que cumpridas. “Puiden servir ao meu pobo primeiro como alcalde e logo como portavoz da oposición. Non hai maior orgullo que ese. Espero seguir sendo útil evidentemente para o pobo e que o partido siga sendo forte como así está demostrando”.

**“Puiden servir ao meu pobo primeiro como alcalde e logo como portavoz da oposición. Non hai maior orgullo que ese”**

implicación doutras institucións”. Precisamente xoga un papel relevante esa colaboración entre a administración. “Moitas veces é de onde teñen que vir os cartos e hai que aproveitar esas sinerxias. Eu sempre me queixei da Deputación porque non tratou ben ao Concello

**“Toca pedir responsabilidades e que se cumpran os compromisos que prometeron na campaña. E tamén intentar convencer ao Goberno de que as cousas que propós son positivas”**



## Inauguran o Salón dos Alcaldes

Inauguran o Salón dos Alcaldes no Pazo de Ibáñez, onde locen os retratos dos rexedores da democracia realizados por Concepción Millán. Xunto a eles atópase tamén un do alcalde honorario, Leopoldo Calvo-Sotelo, que foi cedido pola súa viúva, Pilar Ibáñez-Martín. No acto desenvolvido no Concello ribadense interviñeron Antonio Martínez, alcalde de Ribadeo entre os anos 1981 e 1983; o Marqués da Ría de Ribadeo, Leopoldo Calvo-Sotelo Ibáñez-Martín; e o actual rexedor, Dani Vega.

Martínez tivo palabras de lembranza para os compañeiros rexedores xa falecidos e lembrou a súa relación con Leopoldo Calvo-Sotelo, naquel momento presidente do Goberno de España. O Marqués da Ría de Ribadeo subliñou o amor e a paixón que o seu pai sentía por Ribadeo e pola súa ría, da que sempre estaba pendente cando se atopaba en Madrid. O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, destacou que “no día de onte inaugurouse o salón dos alcaldes aquí no Concello. Hai que agradecerlle a Concepción Millán que entregara gratuitamente un retrato, un cadro, de cada alcalde”.



Querían “que eses cadros que xa fixeran a pasada lexislatura tiveran un sitio digno, un sitio onde todos os poidamos visitar e contemplar. Non é simplemente un salón onde se colga un cadro, senón que é un salón dedicado ao servizo público, á entrega, ao traballo e en consecuencia recoñecer todo ese traballo de tantos alcaldes que tivo Ribadeo”. O rexedor contou que “tamén incorporamos ao alcalde honorario a ese salón, a Leopoldo Calvo-Sotelo. Non foi un alcalde electo, foi un alcalde si por traballo, si por xestión, e por inversión no pobo de Ribadeo. Polo

tanto, un agradecemento tamén á figura do presidente Calvo-Sotelo. Vega explicou que o Salón dos Alcaldes será “un espazo multifuncional, onde hai presentación de libros, conferencias, xornadas, distintas actividades que queremos ir facendo pouco a pouco”.

Familiares e amigos dos rexedores da democracia asistiron ao acto. Algúns deles como José Carlos Rodríguez Andina, Balbino Pérez Vacas ou Xaime Vidaurrázaga Urbietta estiveron presentes. A encargada de conducir a inauguración foi a concelleira de Atención Cidadá, Montse Seijo.

## Ribadeo destina 50.000 euros en subvencións ás entidades deportivas

O Concello de Ribadeo asinou as subvencións nominativas coas entidades deportivas. A partida destinada a este fin supera os 50.000 euros. Para o alcalde “un concello activo, máis deporte, iso é o que quere o Concello de Ribadeo, e dende logo debemos felicitar tamén o concelleiro, a Silvent, tamén o téc-

nico de deportes, a Iván, que fai un traballo importantísimo, máis alá da súa xornada laboral. E por iso é moi importante ter persoas que tamén entenden e apostan polo deporte dende o Concello. Polo tanto, un agradecemento tamén a Iván e a todos os técnicos do Concello que colaboran na

montaxe das actividades que se realizan durante todo ano. Sería imposible sen eles”.

Dani Vega cre que deben seguir nesta liña. “As entidades deportivas impulsan, propoñen e desde o Concello debemos colaborar, entendendo e sendo conscientes de que o orzamento é limitado.

## Invisten 80.000 euros na mellora do acceso á praia das Catedrais

O Concello de Ribadeo iniciou traballos para mellorar o entorno e o acceso á praia das Catedrais, cun investimento inicial de 80.000 euros. O alcalde, Dani Vega, destacou a importancia de coidar e protexer este espazo natural, que é un dos principais atractivos turísticos da comarca. Vega sinalou que a actuación inclúe a reparación do pavimento deteriorado, a reposición de pedras, a reparación de muros e a instalación dunha valla de dobre corda de máis de 380 metros de lonxitude para limitar o acceso a zonas perigosas e preservar a vexetación autóctona. Estas medidas buscan garantir a seguridade dos visitantes e protexer o medio ambiente da zona. Ademais, o rexedor explicou

que, en colaboración coa Xunta de Galicia, se está a traballar para mellorar a sinalización da área, buscando ofrecer información máis clara e eficaz aos turistas. Este esforzo é parte dun plan máis amplo que tamén inclúe a reparación dos muros do aparcadoiro e das zonas de servizos, así como a mellora dos accesos á praia.

Vega subliñou que esta é só a primeira fase dun proxecto máis ambicioso, que incluirá a mellora do paseo e dos aparcadoiros ao redor da praia das Catedrais. “Este é un primeiro paso neste ano de goberno, pero xa estamos traballando en distintas liñas para seguir preservando e mellorando este espazo natural tan importante”, concluíu.

### HOMENAXE



Ribadeo rendeulle homenaxe a Víctor Moro, fillo predilecto deste concello, descubriendo unha placa no porto deportivo. No acto participaron o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, e o alcalde ribadense, Dani Vega.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Conciertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com

## Abren as inscricións para o programa Preto de Ti

Abriu o prazo de inscrición para o programa Preto de Ti ata o 15 de setembro. A concelleira de Benestar Social, Elena Sierra, anunciou que, tras a pausa estival, volven as actividades deste programa, que inclúe talleres de memoria, ximnasia, manualidades e un curso sobre o uso do teléfono móbil. As persoas interesadas en participar poden inscribirse chamando a María, a responsable do programa, ao número 625 104 274, en horario de 9.00 a 15.00 horas.

Sierra destacou que, como novidade nesta tempada, haberá charlas sobre saúde impartidas pola enfermeira dos Servizos Sociais do concello. Estes encontros abordarán temas como coidados persoais, hábitos saudables e nutrición. A concelleira anima a toda a veciñanza de Ribadeo a participar neste programa, cuxo obxectivo é dinamizar as parroquias, proporcionando actividades ao longo do curso e fomentando un ambiente de aprendizaxe e socialización entre amigos.

## Ribadeo ofrece 12 modalidades nas escolas deportivas

O Concello abriu o prazo de inscrición para as escolas deportivas municipais de inverno entre o 16 e o 30 de setembro. Este ano, ofrécense unha ampla variedade de disciplinas deportivas, un total de 12, entre as que se atopan: atletismo, bádminton, baloncesto, fútbol, fútbol sala, hockey liña, natación, pádel, patinaxe, tenis, tenis de mesa e ximnasia rítmica.

As clases comezarán de forma escalonada, iniciando o 16 de setembro as escolas de fútbol e bádminton. Seguiralle o baloncesto, o día 18 de setembro. O día 23, será a quenda para as escolas de atletismo e fútbol sala, mentres que o tenis de mesa dará comezo o 30 de setembro.

Xa en outubro, o calendario inclúe o inicio de ximnasia rítmica e patinaxe o día 1, seguido do hockey liña o día 3. As actividades de tenis e natación comezarán o 4 de outubro, e, finalmente, a escola de pádel abrirá as súas portas o 7 de outubro.

As inscricións poden realizarse na Casa da Xuventude. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, anima ás nenas e nenos do concello a participar nestas actividades, destacando a importancia do deporte como sinónimo de saúde e a diversidade de opcións dispoñibles para todos os gustos.

“Animamos a inscribirse nas escolas deportivas municipais de inverno ás nenas e aos nenos do noso concello”, sinalou Silvent.

## Prolongan ata decembro a sexta edición da Pancha

O Concello de Ribadeo anunciou o inicio da sexta edición da Pancha, a moeda local deseñada para impulsar o comercio de proximidade. A campaña, que comezou o día 9 e se prolongará ata o 31 de decembro, contará cunha emisión de 260.000 panchas. Estas moedas poderán ser trocadas nos establecementos adheridos á iniciativa. Na presentación participaron o alcalde Dani Vega, a concelleira de Turismo Marta Saiz, e representantes da Asociación de Comerciantes, Industriais, Servizos e Autónomos de Ribadeo (Acisa), incluíndo a súa presidenta Carmen Cruzado e o xerente Jesús Pérez, ademais da ADL do Concello, M<sup>ra</sup> Esther García.

Dani Vega destacou o compromiso do Concello co apoio ao comercio local, subliñando que o orzamento para a campaña incrementouse de 55.000 a 85.000 euros, grazas a un

convenio coa Xunta de Galicia. “Por cada 30 euros, os consumidores recibirán 40 panchas”, explicou o alcalde, animando á cidadanía a utilizar a moeda local para compras de material escolar e outras necesidades.

Pola súa parte, Marta Saiz anunciou que o prazo de adhesión para os comercios estará aberto ata o 16 de setembro, e lembrou que as compras coa Pancha poderán realizarse ata o 31 de decembro. Carmen Cruzado, de Acisa, sinalou a importancia de iniciar a campaña en setembro para aproveitar as compras de volta ao cole, destacando que a Pancha é unha ferramenta clave para a dinamización económica local.

A campaña da Pancha está promovida polo Concello de Ribadeo, coa colaboración da Xunta de Galicia e Acisa, e pretende ser un impulso significativo para o comercio local durante os próximos meses.

## Destinan 40.000 euros á recuperación do parque de San Miguel



O equipo de goberno de Ribadeo xestionou 1,8 millóns de euros de investimento da Xunta no municipio nun ano. “Facendo un balance deste ano, o que queremos destacar é que foi un período de traballo, de xestión para investir no noso pobo. Nestes momentos podemos dicir que a Xunta de Galicia investiu en Ribadeo 1,8 millóns de euros. Iso é grazas a unha xestión, grazas a un traballo que desde logo todo o goberno e todo o Concello está conseguindo todos os días”, explicou o alcalde.

Vega anunciou que empezarán coa recuperación do Parque de San Miguel cunha partida orzamentaria de 40.000 euros e o dragado de ría, que son 2 millóns de euros. “Son moitas cifras, suman todas 1,8 millóns de euros, e polo tanto estamos a falar dunha xestión, dun traballo que se vai concretando no día a día, porque se ve nas activi-

dades, vense as obras, é dicir hai un traballo detrás”.

Tamén explicou onde se está a traballar. Por exemplo, na residencia hospital asilo “con ese convenio que se firmou de 700.000 euros, ou no centro de día 67.000 euros, ou 80.000 euros para a Escola de Música para renovar as ventás e instalar un ascensor, ou na recuperación dos areas, tamén dos espazos verdes como é O Cargadeiro 70.000 euros.

Tamén destacou o traballo nos espazos verdes en puntos importantes como Santa Cruz, cunha colaboración de Seaga da Xunta de 20.000 euros, ou nese no Plan Avanza Rural co aglomerado de camiños.

Por outra banda, defendeu a recuperación das fontes que “levaban moito tempo abandonadas e queremosle chamar a ese proxecto Fontes Vivas”.

## O primeiro Encontro Día do Xubilado será o 28

Ribadeo acollerá o próximo 28 de setembro o I Encontro Día do Xubilado, segundo anunciou a concelleira de Benestar Social, Elena Sierra. O evento terá lugar na explanada da lonxa, no porto, onde os asistentes poderán desfrutar dunha comida servida por Chao dos Navais, cun prezo de 15 euros por persoa.

As entradas para participar no encontro estarán dispoñibles no auditorio municipal e nos Servizos Sociais ata o 13 de setembro, en horario de 9.00 a 14.00 horas. Para facilitar a asistencia, organizaranse servizos de autobuses que percorrerán as parroquias, tanto pola zona interior como pola costa, co obxectivo de garantir que todos os xubilados empadroados en Ribadeo poidan acudir de forma cómoda e segura.



O evento estará amenizado pola música de A Roda e Ángel América, creando un ambiente festivo para gozar dun sábado agradable en compañía de amigos e veciños. Elena Sierra anima a toda a veciñanza a participar nesta xornada especial.

## Volven as actividades de SetembroXNatural

Este mes de setembro, Ribadeo volve a encherse de vida coas actividades de SetembroXNatural, un programa dedicado a destacar a importancia do medio ambiente, especialmente o mar, e dirixido a un público familiar. A concelleira de Turismo, Marta Saiz, anunciou a nova edición do evento, destacando as actividades “Baños de Mar” e “Froitos do Mar” como eixos centrais da programación.

Saiz explicou que “Baños de Mar” ten como obxectivo recordar a figura das canouras, pioneiras no turismo de Ribadeo, a través de conferencias e visitas guiadas que explorarán o poder curativo das augas mariñas e o seu uso histórico na vila. Ademais, o programa incluírá actos lúdicos e musicais, así como baños de mar co-

lectivos, ofrecendo unha experiencia completa para os asistentes.

Por outra banda, “Froitos do Mar” centrarase na localidade de Rinlo, onde se organizará unha visita guiada pola súa costa. A actividade incluírá un percorrido desde a confraría ata as cetarias, destacando o legado histórico de Rinlo, desde os seus inicios como porto baleeiro ata a súa actualidade como un punto de referencia gastronómico, especialmente recoñecido polo percebe e a calidade dos seus restaurantes. A concelleira animou a veciñanza e visitantes a participar: “Desfrutemos do noso setembro, do noso mar, da nosa terra e das actividades que, con moito respecto, coidado e agarimo, temos preparadas para o voso disfrute”.

### HOMENAXE



O Goberno fixo unha recepción na honra dos deportistas locais que acadaron medallas ou foron finalistas nos Campionatos Nacionais deste ano. Recibiron de agasallo cheques de 150 euros aos campións, 100 euros aos subcampións, 60 euros aos terceiros clasificados e 30 euros aos finalistas.



# Ribadeo consolídase como destino turístico este verán

Ribadeo reafirma a súa posición como un dos destinos turísticos máis destacados tras recibir preto de 46.000 visitantes nas súas oficinas de turismo entre o 1 de xuño e o 31 de agosto. Así o anunciou a concelleira de Turismo, Marta Saiz, quen fixo un balance moi positivo da tempada estival, destacando o aumento das pernoctas e a crecente afluencia de turismo internacional.

A edil destacou que o mes de agosto foi especialmente significativo, con cifras récord nas oficinas de turismo. En total, realizáronse 25.750 consultas, das cales 9.750 foron atendidas na oficina do centro da vila e 16.000 no punto de información da praia das Catedrais. “O aumento das pernoctas no concello é un dos datos máis salientables deste verán,” afirmou Saiz, quen subliñou que o 37% dos visitantes elixiron pasar a noite en Ribadeo, unha cifra 7 puntos superior á do ano pasado. “En agosto, os nosos aloxamentos acadaron un 95% de ocupación,” engadiu a concelleira, resaltando o éxito da tempada turística.

En canto á procedencia dos turistas,



Saiz indicou que Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e Euskadi seguen a ser as principais rexións emisoras de visitantes en España. No ámbito internacional, o turismo tamén experimentou un crecemento notable, especialmente nas oficinas da praia das Catedrais, onde se rexistrou un aumento de 5 puntos con respecto ao ano pasado. Francia, Italia, Alemaña, Portugal, Estados Unidos e Reino Unido son os principais países de orixe.

Ademais, a concelleira destacou a importancia do turismo náutico,

con 183 embarcacións utilizando os amarres de tránsito do Real Club Náutico de Ribadeo en agosto, das cales o 80% procedían de Francia, Inglaterra e Holanda. Tamén salientou o interese en aumento polo Camiño de Santiago do norte e a variante do Camiño do Mar, que trouxo ao centro de Ribadeo preto de 300 peregrinos. Marta Saiz aproveitou para agradecer o traballo do persoal das oficinas de turismo e o esforzo do sector privado, cuxo labor foi crucial para converter Ribadeo nun destino turístico de vangarda.

# Comeza na zona de Ove o arranxo das estradas das parroquias

En Ove comezan os traballos de arranxo das estradas de Ribadeo. O Plan Avanza Rural destina máis de 315.000 euros a estas melloras, que se acometerán tamén en Remourelle e en Santalla de Vilausende. O alcalde, Dani Vega, contou que comezaron cunha inversión importante “para seguir investindo nas estradas das nosas parroquias, cun orzamento superior aos 315.000 euros e vamos actuar en distintas parroquias e lugares”.

Deste xeito, empezaron na parroquia de Ove, Pastoriza, Frieira A Vella, “un tramo de 1,5 quilómetros cun orzamento superior aos 85.000 euros”. O rexedor dixo que tamén van a arranxar “un tramo desde a estrada da Deputación ata o inicio do cruce da Pastoriza, que está esnaquizado. Hai unha zona aí nese cruce que se inunda e o que vamos facer é arranxar todo ese tramo. Polo tanto, unha inversión importante para arranxar, investir, nunha infraestrutura que é moi transitada e necesita esa inversión”.

Actuarán ademais en Remourelle, onde van a arranxar a zona de Fornos- Pexegueiro e todo o entorno da escola. “O orzamento supera, ou practicamente chega, aos 83.000 euros. Son tramos bastante largos, que



teñen un deterioro considerable. E tamén necesitamos intervir con urxencia. Non se descarta que actuemos noutras estradas en Remourelle porque hai unha necesidade de comunicación con varias explotacións. Agora vamos actuar aquí”.

O alcalde indicou que “tamén actuaremos na parroquia de Santalla de Vilausende, un orzamento bastante importante, dado que é un tramo bastante largo, que conecta desde a estrada nacional, a que vai a Vegadeo, pero comunícanos con Santalla de Vilausende, a estrada Lourido-Vilausende, cun orzamento de 147.244 euros”. O orzamento é importante, lembra. “É verdade que aquí hai que darlle certamente ancho a dúas curvas, xa que simplemente aglomerando non facemos

nada, temos que reforzar todas esas curvas, e desde logo é un orzamento importante, pero era unha das estradas que estaba esnaquizada, é a que máis circulación ten para comunicar coa nacional, para ir a Ribadeo, e eu creo que era necesario investir”.

O Concello de Ribadeo reclama Deputación de Lugo o arranxo inmediato da estrada Ove-Vilela (Lugo-P5207), argumentando que o mal estado desta vía representa un grave risco tanto para os condutores como para os peregrinos que a transitan. Dani Vega sinalou que xa enviou unha nova carta ao presidente da Deputación, José Tomé, e agarda recibir unha resposta nun prazo dun mes. De non ser así, advertiu que o Concello tomará medidas para solucionar o problema.



## A & F BROKERS

Abogados



**APARTAMENTO en Lugo**  
**115.000€**

- Piso amplo exterior con tres habitacións (la principal con baño y balcón).
- Terraza de 15m<sup>2</sup>
- Salón con balcón.
- Calefacción a gas oil central.
- Ascensor y trastero.



**APARTAMENTO en Barreiros**  
cuidado al detalle. 60m<sup>2</sup>.

**145.000€**

- Muy luminoso y todo exterior.
- 2 Terrazas. Una en el dormitorio principal de 25m<sup>2</sup> y otra en el salón de 35m<sup>2</sup>.
- Hall, 2 dormitorios, 1 baño, cocina americana, salón y despensa.
- Plaza de garaje. Trastero.



**CASA unifamiliar en Cervo**  
**120.000€**

- Tres plantas de 32m<sup>2</sup> cada una totalmente reformadas.
- Planta baja: cocina americana, salón y despensa.
- Primera planta: 1 baño y 2 habitaciones.
- Segunda planta: salón y 1 habitación.



**APARTAMENTO en Barreiros**  
**130.000€**

- Ático muy luminoso (planta 3ª) totalmente exterior. 57m<sup>2</sup> útiles y buenas vistas.
- 2 habitaciones, 1 baño con cabina de hidromasaje, salón-comedor y cocina.
- Plaza de garaje y trastero.
- Completamente amueblado.
- En urbanización privada.

En nuestro departamento jurídico ofrecemos **asistencia legal integral**

HERENCIAS · TESTAMENTOS · REGISTRO DE PROPIEDADES  
ALTERACIONES CATASTRALES · CONTRATOS DE COMPRA-VENTA  
ALQUILER ARRAS · DESAHUCIOS · RECLAMACIÓN DE DEUDAS  
DIVORCIOS · PENSIONES

Tel.: 695 414 544  
viviabuin@hotmail.com

## Anuncian aos gañadores do concurso de pintura en contedores

Nego e súa obra *Sirenas* foi o gañador do primeiro premio, dotado con 700 euros, do I Concurso de Pintura e Arte Urbana Contén-arte, un certame que promove a creación artística en contedores de residuos.

O xurado destacou o seu “xogo cos misterios e co descoñecido, do mito do mar”, así como polo excelente aproveitamento do espazo. O segundo premio, de 500 euros, recaeu en Diego Domínguez coa obra *Climarte*, valorada polo seu “cromatismo e o desenvolvemento da idea sobre o tema ecolóxico e o cambio climático, un problema de responsabilidade colectiva”.

Ennaid Capillo foi galardoada co terceiro premio, de 400 euros, pola súa obra *Lapislázuli*. O xurado destacou a técnica única, empregando só rotulador, e a adaptación dos motivos locais ao soporte. Ademais, outros proxectos finalistas foron recoñecidos con premios de 200 euros.

## O Concello segue a sancionar a falta de limpeza das leiras

O Concello continúa a aplicar a execución forzosa da limpeza daquelas fincas notificadas que permanecen en condicións insalubres e causando problemas na vía pública. No que vai do ano 2024 executáronse un total de 52 expedientes tramitados a través da Orde de Execución de limpeza de parcelas. No pasado ano 2023, foron máis de 100 os expedientes executados.

Xa se realizou a limpeza completa en máis da metade dos 52 casos deste ano, e a meirande parte dos restantes están próximos á resolución. Hai 6 fincas actualmente en execución subsidiaria, 5 delas xa executadas, e unha en curso. Dende o Concello destacan que as persoas propietarias de parcelas teñen o deber legal de mantelas limpas e de que a vexetación non invada a vía pública, non sendo responsabilidade da administración local a súa limpeza.

En caso de que unha finca notificada pola infracción desta norma non fose limpada axeitadamente, o Concello procede á limpeza forzosa, que deberá ser pagada integramente polo dono ou dona, sumándose isto á multa correspondente.

O prazo para que se realice a execución forzosa é de 8 a 10 meses despois da notificación. O custe medio por parcela, a abonar polo propietario en caso desta execución, é de 0,5 euros por metro cadrado.

## A Deputación permitirá a renovación do material informático no Concello

O Concello de Burela vén de recibir novas axudas da Deputación de Lugo a través do proxecto ImpulsaTIC, financiado cos fondos da Unión Europea. Con ImpulsaTIC, a Deputación outorga axudas financiadas polo FEDER, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, aos 53 concellos adheridos ao proxecto, entre os que se atopa o de Burela. No momento da adhesión cada concello indicou en que actuacións quería participar, y en base a isto e a unha enquisa realizada en cada municipio, licitouse cada proxecto.

O Concello de Burela adheriuse ás seguintes actuacións: a renovación de material para as oficinas de asistencia en rexistro, á renovación de material informático a través da iniciativa Concellos Resilientes, e

á adquisición e mellora de equipo para gravar e retransmitir as sesións plenarias. O novo equipo para as oficinas de asistencia en rexistro inclúe dous PCs de sobremesa con dobre pantalla, un PC *all-in-one*, dous escaners de mesa e dúas tabletas. Parte disto foi xa entregado o día 13 de agosto.

A iniciativa Concellos Resilientes supón a chegada de 20 novos portátiles, 20 pantallas adicionais, 20 estacións de conexión que inclúen teclados e ratos, 20 maletíns e 20 cascos. O material para vídeo plenos, que mellora o sistema que xa viña empregando o Concello de Burela, inclúe microfonía e cámaras para gravar as sesións e un software que permite firmar a gravación, custodiala e facer unha acta en base a ese vídeo.



## Remata o primeiro Torneo Social de Parchís por Parellas

A Praza do Concello de foi o escenario da primeira edición do Torneo Social de Parchís por Parellas, un evento que contou cunha participación numerosa. O torneo, organizado polo Concello, reuniu a 28 persoas que competiron nun ambiente de compañeirismo e diversión.

As gañadoras desta primeira edición foron Paula Abel e Jennifer Fernández, quen lograron a vitoria tras unha intensa competición. O segundo lugar foi para a parella formada por Bea Caña e Eva Balseiro. As concelleiras Lina Gómez e Sandra Fernández foron as encargadas de entregar os trofeos aos finalistas, trofeos que foron especialmente realizados polos membros da asociación Saúde Mental A Mariña.

Lina Gómez, concelleira de Cultura, expresou o seu agradecemento e felicitacións a todas as parellas par-

ticipantes polo seu notable desempeño. “Dende o Concello queremos felicitar a todas as parellas participantes, un total de 28 persoas, polo seu desempeño no torneo de parchís”, declarou. Pola súa parte, Sandra Fernández, concelleira de Servizos Sociais, subliñou a importancia de iniciativas como esta para fomentar a participación cidadá e fortalecer os lazos comunitarios.

“Moitas grazas a todos e a todas polo apoio amosado a este I Torneo Social de Parchís por Parellas, unha iniciativa da que agardamos que teña continuidade por moitos anos máis”, afirmou Fernández. O éxito desta primeira edición do Torneo Social de Parchís por Parellas en Burela deixa as portas abertas para que se converta nun evento anual, reforzando así a oferta de actividades sociais e culturais na localidade.

## Son Burela ve ao Goberno municipal incapaz de solucionar os problemas

Un ano e dous meses despois de asumir o cargo, a alcaldesa de Burela, Carmela López, enfróntase a críticas pola súa xestión. Dende Son Burela lembran que durante a campaña electoral para as eleccións de maio de 2023, López Moreno insistiu repetidamente en que estaba “preparada” para gobernar o municipio dende o primeiro día. Porén, segundo o concelleiro, Alberto Eiroá, a realidade actual parece contradicir esas afirmacións.

Para Eiroá tanto a alcaldesa como o seu equipo de goberno en coalición foron incapaces de tomar as decisións necesarias para resolver os problemas reais e urxentes que afectan ao municipio. Aínda que se fixo “algunha cousiña nesta lexislatura”, argumenta que estes esforzos son insuficientes fronte ás necesidades máis importantes de Burela que está “nunha peor situación que dende que o PSOE e BNG asumiron o goberno”.

“A falta de toma de decisións infor-

madas e coherentes para xestionar os recursos dunha maneira responsable, provoca que sigamos sen avanzar”. Segundo Eiroá as prioridades parecen enfocarse en cuestións menores e en destacar actuacións como as luces de Nadal, as Festas Patronais, pintar sendas peonís ou a elaboración de plans a longo prazo, como o Plan de Mobilidade, que ten un horizonte de doce anos, mentres os problemas estruturais do municipio seguen sen resolverse.

Ademais, tamén cuestiona a tendencia do Goberno local a promocionarse nos medios e redes sociais, atribuíndose o mérito de eventos organizados principalmente polas asociacións e veciñanza, cando o papel do Concello é simplemente o de colaborar economicamente ou con medios materiais. “Pero claro, dicir que o que se fai dende o Concello é colaborar, non queda tan bonito nas redes sociais coma dicir que todo é cousa do Concello”, asegura.

## Burela inviste 200.000 euros na mellora da rede de abastecemento



O Concello de Burela vén de finalizar unha importante obra de mellora na rede de abastecemento de auga na zona de Pomedá, cun investimento de preto de 40.000 euros. Esta actuación forma parte dun conxunto de melloras que o Goberno local está a realizar en todo o municipio para optimizar o servizo de abastecemento e saneamento. Destacan as actuacións no abastecemento e saneamento da rúa Río Sil, cun custo de 42.000 euros, e na rúa Camiño Real, onde se investiron 34.000 euros. Tamén se executaron melloras no

saneamento da zona de Vilastrofé por 26.000 euros, no Camiño do Cancelo por 28.000 euros, e nos depósitos de auga de Luis Seoane, cun investimento de 42.000 euros. Ademais, o Concello mellorou o sistema de telecontrol na estación depuradora cun custo de 42.000 euros, un investimento que se aproveitará na nova depuradora que se espera construír en breve. Fernández Rey destacou a importancia destas melloras para garantir un servizo eficiente á veciñanza e reducir ao máximo as fugas de auga.

# O Vencello de Burela solicita o arranxo dos camiños municipais

A Asociación de Veciños O Vencello de Burela manifesta a súa preocupación polo estado de conservación das vías rurais do concello. Por este motivo, remiten un escrito ao Concello solicitando que os responsables municipais cumpran co seu deber legal e acometan as necesarias labores de mantemento nas vías rurais que figuran no inventario de bens municipais. “É esencial que todas as veciñas e veciños do noso termo municipal poidan facer uso destas infraestruturas sen riscos e con plena seguridade”.



Entenden que o equipo de Goberno municipal debería dar exemplo, cumprindo coa súa obriga de conservar e manter os camiños e vías rurais baixo a súa competencia, coa mesma dilixencia coa que se exige aos propietarios de fincas o mantemento e

limpeza da vexetación. Trátase de camiños que, a pesar de estar fóra do casco urbano, son fundamentais para a vertebración do territorio e son utilizados acotío polos veciños. Porén, denuncian que a prolongada falta de mantemento, sumada ás choi-

vas, provoca que os propietarios das fincas colindantes non poidan acceder ás súas propiedades. Ademais, esta situación impide que o resto da veciñanza poida transitar por estas vías para o seu lecer e disfrute das actividades ao aire libre.

## Mellorarán as escolas infantís da localidade

Recentemente, tivo lugar unha nova xuntanza entre o goberno local e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para seguir coas melloras nas escolas infantís. En 2023, o Concello achegou 120.600 euros ao Consorcio, cunha contribución de 900 euros por cada praza ocupada nos centros de educación infantil. Desta cantidade, 86.400 euros destináronse á Escola Infantil de Burela, situada na zona de Vista Alegre, e 34.200 euros á Escola Os Castros. Ademais, o Concello tamén cubre gastos correntes e de mantemento, que rondan os 20.000 euros anuais. Grazas a estas aportacións, 67.000 euros foron reinvestidos en melloras nos centros. En concreto, 43.499,50 euros utilizáronse para mellorar o illamento térmico na Escola Infantil de Vista Alegre, mentres que 23.000 euros foron investidos na Escola Os Castros, destinados a instalar unha bomba de calor e a realizar o peche perimetral.

# Presentado o Plan de Mobilidade Sostible

O Concello presentou ante a veciñanza o seu Plan de Mobilidade Sostible. O acto tivo lugar no salón de plenos da Casa do Concello. A alcaldesa de Burela, Carmela López, destaca que se trata dun plan “moi pragmático e que resolve os pequenos problemas da nosa vila”. “Con pequenos axustes podemos conseguir moito sen necesidade de facer grandes cambios”, apunta a rexedora. A alcaldesa subliña que “foron meses de medicións de vehículos, persoas e ocupación de aparcamentos, de realización de enquisas, mesas de propostas, xornadas de portas abertas, reunións... un traballo no que a participación e o diálogo foron factores clave”. O Plan de Mobilidade é “un documento técnico, froito de varios meses de traballo, que formula 54 medidas para mellorar Burela, facéndoa máis accesible, máis segura, máis saudable”, sinala López.

Deste xeito, o documento pretende servir “para a toma de decisións e para ordear as ideas no tempo, de cara a facilitar a boa relación das persoas co seu Entorno”, conclúe. Ao rematar a presentación realizouse unha pequena enquisa entre os asistentes sobre que investimentos consideraban máis urxentes e en que investirían para mellorar Burela. O investimento considerado máis urxente foi en accesibilidade para persoas maiores e coa mobilidade reducida, seguido dos investimentos en seguridade nos percorridos da rapazada e as contornos de colexios e parques. O seguinte investimento en nivel de prioridade para os asistentes foi a ampliación da oferta de estacionamento no centro urbano, seguido da mellora da oferta de bus e tren con outros núcleos de poboación e da interconexión dos paseos marítimos a nivel peonil e ciclista.

# O PP saca á luz facturas de máis de 35.000 euros en consultorías

Os concelleiros populares de Burela amosan a súa sorpresa ante “as excusas da alcaldesa e o goberno bipartito dicindo que non ten cartos para sufragar o custe de servizos esenciais demandados polos propios veciños” cando “está a dirixir os cartos de tódolos veciños a gastos que non se producían no pasado ou aos que se dirixían cantidades máis reducidas”. O portavoz, Manuel Rouco, refírese “ás facturas que o Grupo Municipal Popular sacou á luz no último pleno por valor de máis de 35.000 euros”: case 20.000 euros en consultorías de Pontevedra e A Coruña de asesoramento técnico, preto de 11.000 euros en comunicación e 5.000 euros no que vai de ano en protocolo, “algo que antes nunca sucedera”. O popular afea que “o goberno local recorra ao asesoramento técnico externo como se no Concello non houbera persoal cualificado para este fin” e engade: “parece

que a señora López Moreno precisa que lle digan tamén onde se ten que sentar e como dirixirse aos seus propios veciños”. “A señora López Moreno segue engordando a caixa de gastos” que son “difícilmente explicables” como é o caso dos “case 4.000 euros abonados en concepto de transporte sen que no detalle figure o desprazamento efectuado”. Tamén hai “facturas pagadas pola alcaldesa que non teñen asignada nin contía nin datos sobre a empresa ou autónomo que as emite”. Neste novo lote, “son tres, concretamente”. Os populares aseguran que “entendemos agora a negativa da alcaldesa á hora de contratar máis policía locais argumentando que era moi custoso. Se non se dilapidaran os cartos dos veciños de Burela en cuestións coma estas, seguramente si lle saírían as contas á señora López Moreno para aumentar a seguridade que demandan os veciños e veciñas de Burela”.

**CAMPAMENTOS DE VERÁN**

Un total de 75 nenas e nenos participaron en cada un dos campamentos de verán. Estes campamentos, celebrados no CEIP Virxe do Carme durante os meses de xullo e agosto, foron organizados pola Aula Gaia de Educación Medioambiental. Entre as actividades máis destacadas estiveron a visita da Asociación Española Contra o Cancro (AECC), que organizou xogos para concienciar sobre a importancia da protección solar, así como unha ruta de sendeirismo coa asociación Pasada das Cabras xunto aos usuarios e usuarias da Fundación Eu Son.

**Unidos para que el mundo sea maravilloso**

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?

## Por Viveiro denuncia malos cheiros na avenida García Doriga

Por Viveiro denuncia que os contedores do lixo da avenida García Doriga levan meses emitindo un cheiro “nauseabundo”, feito que se acentúa nos meses de verán, que resulta moi molesto para os veciños e veciñas e transeúntes.

Por iso, rogan ao equipo de Goberno a explicación de que medidas pensa tomar para a eliminación destes feitos e para que non se volvan a producir. Lembran tamén que

a Fonte do Cadafalso, ademais de ser unha das mais emblemáticas do concello, presta un importante servizo a toda a veciñanza da súa contorna, leva practicamente todo o mes de agosto sen botar auga polos seus canos. Así pedirán as explicación en pleno das causas que provocaron que a fonte non bote auga e sobre as xestións realizadas para que a fonte volva a estar operativa e dos motivos de tanta demora.

## A Deputación achega a solución ás inundacións da Xunqueira

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou investir máis de 190.000 euros nunha obra que solucione as inundacións do barrio viveirense da Xunqueira. Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen avanzou tras a sesión semanal que o convenio de colaboración entre a institución provincial, o Concello e Augas de Galicia fará posible o proxecto para aumentar a capacidade hidráulica do río Fontecova nun tramo de algo menos de 300 metros. “Este novo compromiso, que adquirimos co Concello de Viveiro, en-

márcase na nosa política de máxima cooperación con todos os concellos da provincia para que poidan ofrecer máis e maiores servizos ós seus veciños e veciñas”, argumentou García Porto. Engadiu tamén a Deputada que con esta colaboración “facemos posible que este concello mariñán poida afrontar o investimento que pide a Xunta de Galicia para acometer esta actuación tan necesaria. Unhas obras que terán un impacto enorme na vida da veciñanza e que evitarán traxedias como a que se viviu en novembro do 2018”.

Explicou a responsable provincial que entre as actuacións máis relevantes está prevista: a ampliación do leito do río, con novos muros de contención; a renovación e ampliación da ponte existente pouco máis arriba da estrada autonómica LU-540; a creación dunha obra de drenaxe pegada á ponte medieval Camiño da Fonte; a instalación dunha nova zona verde ao final da rúa na que se situará a fonte pública; e o traslado do actual lavadoiro, que se instalará máis abaixo do curso do río.

## Invitan á mocidade a pintar o mural ‘Cando o río soa’ na rúa Lavandeiras

Viveiro acollerá a realización do mural *Cando o río soa* de Raúl de Carmen. A obra resultou gañadora do concurso de murais People and Planet, convocado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e Viveiro foi o Concello elixido para a súa realización.

O artista solicita a colaboración da mocidade de entre 15 e 35 anos que queira participar nas sesións e aportar a súa visión. As mozas e mozos que teñan interese en participar poden inscribirse mandando un correo electrónico a xuventudeviveiro@gmail.com As persoas participantes inmortalizarán, xunto a Raúl de Carmen, o mural en Viveiro entre os días 9 e 15, na fachada do Local de Ensaio situado na rúa das Lavandeiras. O concurso People and Planet tivo como temática o Obxectivo de Desenvolvemento Sostible da ONU número 6: Auga Limpia e Saneamento.

## Festas na parroquia de Vieiro este mes

Vieiro celebra as festas na honra a San Cipriano os días 20, 21 e 22 de setembro. O venres comezan a romaría cunha gran churrascada popular a partir das 20.30 horas. A verbena estará amenizada por Los Adrianos e José M. O programa continúa o sábado con misa, procesión e sesión vermú da man de Mar de Arousa. Os asistentes tamén poderán gozar da verbena amenizada polas orquestras La Fórmula e Mar de Arousa. O domingo haberá de novo misa e sesión vermú protagonizada polo dúo Belinda.



## Continúan as restricións de tráfico rodado na área monumental da vila

O Concello de Viveiro recorda á veciñanza a necesidade de cumprir cos horarios establecidos para a circulación de vehículos na zona vella do municipio. Esta medida forma parte da Ordenanza de regulación da circulación, que ten como obxectivo restrinxir o tráfico rodado na área monumental, co fin de preservar o patrimonio e favorecer a convivencia entre os residentes e visitantes.

A ordenanza establece que só poderán circular pola zona vella aqueles vehículos que contén con autorización específica, como os pertencentes ás forzas e corpos de seguridade, ambulancias, bombeiros, protección civil, así como vehículos sanitarios e funerarios. Ademais, o Concello concederá autorizacións adicionais para circular por esta zona a aquelas persoas que cumpran certos requisitos. Entre os que poden optar a estas autorizacións atópanse os usuarios de garaxes, titulares de establecementos comerciais que necesiten realizar carga e descarga entre as 9.00 e as 12.00 horas dos días laborais, e os servizos de distribución e reparto no mesmo horario. Os

servizos de distribución de pastelería e panadería poderán gozar dun horario ampliado de 7:00 a 22:00 de luns a venres. No caso do mercado semanal, o horario de entrada será de 7:00 a 9:00, e o de saída, de 13:00 a 15:00.

As persoas con mobilidade reducida, residentes ou traballadoras na zona, tamén poderán solicitar autorizacións, así como os residentes que terán horarios específicos de entrada os luns de 9:00 a 12:00 e os venres de 15:00 a 17:00. Os servizos de reparto de comida e medicamentos poderán circular entre as 9:00 e as 22:00, mentres que o persoal de obras terá un horario de 8.00 a 20.00.

Ademais, o Concello poderá expedir autorizacións concretas para eventos, celebracións ou situacións extraordinarias que non se inclúan nos supostos anteriores, polo tempo que sexa necesario. Desde o Concello lémbrese que, a pesar de que na actualidade non hai persoal en activo na Policía Local de Viveiro, existen vixiantes que supervisan o acceso á zona monumental para garantir o cumprimento desta ordenanza.

## Abren as inscricións para a II edición da Xuntanza de Vehículos Clásicos

Os amantes dos coches teñen unha nova cita no municipio de Viveiro o vindeiro 14 de setembro. O concello acolle a II Xuntanza de Vehículos Clásicos Viveiro na que poden participar tanto coches como motos. O escenario será o aparcadoiro Os Castelos, en Covas. Os interesados en tomar parte poden anotarse ata o vindeiro 10 de setembro.

O programa comeza ás 10.00 horas coa recepción e inscrición á ruta turística que comezará ás 11.30 horas. Xa ao mediodía, ás 13.30 horas, terá lugar unha sesión amenizada para dar paso á comida e sorteos. Ademais, a partir das 20.30 horas organizan a Festa da Cervexa e Empanada de xeito totalmente gratuíto.

## Comezan as obras no parque Pernas Peón



Comezan as obras no parque Pernas Peón, que servirán para mellorar a accesibilidade e ampliar as zonas verdes con novas plantacións. Está previsto que as obras duren aproximadamente un mes. Durante este tempo haberá un corte de tráfico na avenida Luís Cebreiro, no paseo marítimo, na parte frontal do parque.

Estas actuacións forman parte dun proxecto de renovación do parque máis amplo, para o que se conseguiu unha subvención de 105.897,25 eu-

ros. A tenente de alcaldesa de Viveiro, Miriam Bermúdez, explica que se van “quitar barreiras arquitectónicas, para mellorar a accesibilidade, e plantaranse máis árbores e arbustos”.

Debido aos prazos de execución “era necesario comezar a obra canto antes”, explica. “Xa se renovaron previamente os camiños do parque, e tamén se vai permeabilizar a fronteira norte do Parque para crear así un acceso máis fácil desde e cara á praia de Covas”, sinala Bermúdez.

# O PP denuncia o abandono do mobiliario, zonas verdes e parques

O PP de Viveiro esixe ao Goberno local “un mantemento mínimo” do municipio, comezando por aspectos tan básicos como o coidado das zonas públicas e o seu mobiliario, as zonas verdes ou os parques infantís. A voceira popular, Mariña Gueimunde, destaca o mal estado, por exemplo, do barrio da Atalaia, en Celeiro, “onde é necesario que o goberno local se dea unha volta para ver o seu estado de abandono”. Un exemplo moi gráfico, para eles, é unha das escaleiras que hai no barrio. Está completamente deteriorada, coas varandas metálicas retorcidas, des-encaixadas e inutilizadas e con indicios de non prestarlle atención en moito tempo, sucias, con excrementos e malas herbas e con grandes pedras desprendidas do seu asento “pero non se limita por seguridade, supoñendo un risco para calquera cidadán que a poida empregar”.

Nesta zona tamén é necesario o mantemento do parque infantil, repoñendo os elementos de xogo que faltan ou que están danados, así como renovar o mobiliario estropeado e o coidado das zonas verdes. “O Goberno local comprometeuse no pleno a facelo, pero os meses pasaron e nada fixeron, demostrando que a súa palabra non vale nada”, lamentou Gueimunde. Sosteen que o Goberno debería priorizar os recursos dos que dispón e “en lugar de destinalos ao mantemento mínimo e básico do municipio, destinaos a outros menesteres que non cobren as necesidades básicas dos veciños e veciñas do noso concello”.

A voceira popular refírese, por exemplo, á pista de skate ou ás obras do parque Pernas Peón, obras que rondan entre as dúas os 250.000 euros e que ben poderían aprazarse no tempo para atender primeiro o entorno



e edificio do parque ou calquera das instalacións deportivas municipais que necesitan de inversións. “Non dicimos que non haxa que realizar esas actuacións, pero seguro que non son tan prioritarias como outras moitas que levan meses agardando”, sinalou. No referente á reforma do parque Pernas Peón dende o PP de Viveiro recordan que no pleno deste mes xa defendemos unha iniciativa para impulsar a rehabilitación do edificio municipal do parque Pernas Peón e o trazado da vía que discorre paralela á praia de Covas “dúas actuacións prioritarias” dado o abandono do edificio e o mal estado do firme da estrada.

“O máis lóxico é empregar os cartos da subvención concedida pola Xunta de Galicia a través do plan de embelecemento do litoral (105.897,25 euros) no patrimonio do concello que se está deteriorando, antes de acometer novos proxectos”, di Gueimunde. O parque Pernas Peón é unha das paraxes naturais máis características e populares de Viveiro e que dispón dun edificio municipal pero que “na actualidade atópase en estado de semiabandono desde que os últimos adxudicatarios cesasen na súa actividade” e “sen visos de novos proxectos de goberno que puxesen

en valor o potencial da edificación, sen pregos de contratación, investimentos ou obras de reparación, adecuación e conservación á vista”.

En canto á pista de skate, “seguramente unha boa idea para o municipio”, pero non é menos certo que “existen outras prioridades máis urxentes no municipio”. “O que ten que facer a señora Loureiro é tomar as rendas do goberno e concretar coa tenencia o verdaderamente importante para o benestar dos viveirenses e para o futuro do noso concello. Non pode ser que tódalas parroquias e barrios do Concello se sintan abandonadas”, conclúe.

**OBRADOIROS.** Insta tamén ao Goberno local a que explique os avances realizados para solicitar obradoiros de emprego na vindeira convocatoria. Segundo os populares, o Concello non realizou a solicitude este ano, o que provocou preocupación entre a veciñanza, especialmente debido á alta taxa de paro no municipio. Os populares tamén subliñan que moitos veciños se ven obrigados a inscribirse en obradoiros organizados por concellos veciños, o que satura as listas de espera e deixa a moitos demandantes sen a oportunidade de formarse.

## Viveiro estrea unha ordenanza sobre a limpeza do solo urbano

A Concellería de Medio Ambiente de Viveiro, encabezada pola tenente de alcaldesa Míriam Bermúdez, anunciou a elaboración dunha nova Ordenanza Municipal Reguladora da Convivencia, Limpeza e Residuos, que se prevé aprobar no pleno deste mes de setembro. Esta iniciativa busca mellorar a calidade de vida dos veciños e protexer o medio ambiente en base aos principios da economía circular e promovendo un entorno urbano máis limpo e saudable.

Bermúdez sinalou a importancia de controlar a limpeza viaria e a xestión dos residuos, especialmente nun concello con máis de 3.000 cans rexistrados. A ordenanza tamén abordará a problemática dos enseres abandonados, como mobles ou electrodomésticos, que deterioran a imaxe da vila e supoñen un perigo para os residentes. A nova normativa esixirá tamén aos propietarios de solares que os manteñan en boas condicións, citando exemplos espe-

cíficos como a parcela preto da pizzería Variante, o Pazo Malates ou a zona do Rego das Flores.

Ademais, faise un chamamento á cidadanía para que evite tirar cabichas á vía pública, xa que estas acaban frecuentemente nas rías, contaminando a auga e danando o ecosistema mariño. Outra preocupación destacada é o uso incorrecto dos contedores de lixo, xa que moitas persoas deixan as bolsas de lixo fóra dos contedores ou non respectan a separación de residuos. Estas prácticas, segundo Bermúdez, non só ensucian as rúas, senón que tamén dificultan o traballo dos servizos de recollida e afectan negativamente o medio ambiente.

A ordenanza establece sancións por infraccións leves, graves e moi graves. As infraccións leves, como tirar cabichas ou non recoller as feces dos animais domésticos, poderán ser sancionadas con multas de 50 a 750 euros.

### ESTRADA DE SAN ROQUE



Rematan os traballos de mellora e acondicionamento da estrada de San Roque. Tras as xestións realizadas pola alcaldesa, María Loureiro, a Deputación de Lugo realizou a actuación. “Con estas obras, melloramos a seguridade viaria na zona, dado resposta ademais ás demandas veciñais”, explica a alcaldesa. A zona de San Roque é unha das máis transitadas por veciños e turistas durante a tempada estival.



# ¡Marela!

Axudas para a Promoción e Potenciación de Reprodutoras de Raza Rubia Galega

DEPUTACIÓN DE LUGO Rural VICEPRESIDENCIA

## O BNG quíxase da falta de ascensor no centro de saúde da localidade



O BNG esixiu solucións urxentes ante a prolongada falta de servizo do ascensor no centro de saúde, unha situación que leva meses sen resolverse e que afecta tanto aos profesionais que traballan no centro como aos pacientes, especialmente aos maiores con problemas de mobilidade. Segundo os nacionalistas, estes pacientes vense obrigados a ser atendidos na planta baixa do edificio debido á imposibilidade de subir ás consultas situadas nos andares superiores. Eloi Cabanas, voceiro do BNG, destacou que o edificio ten tres plantas e só dispón dun ascensor, actualmente fóra de servizo. Esta deficiencia afecta ao redor de 300 persoas que acoden diariamente ao centro de saúde, onde se atopan as consultas de medicina xeral, pediatría, enfermería e fisioterapia.

O problema agrávase especial-

mente no caso do servizo de fisioterapia, situado no terceiro andar do edificio. Cabanas subliñou que moitos pacientes, recentemente operados e con próteses, enfróntanse á difícil tarefa de subir polas escaleiras para acceder aos seus exercicios de rehabilitación. Esta situación, segundo o BNG, está a impedir que algúns doentes reciban o tratamento que precisan, debido á imposibilidade de acceder ás instalacións.

“É un escándalo que o Partido Popular, a través da consellería de Sanidade, manteña esta situación ao longo do tempo”, afirmou Cabanas, quen critica duramente a inacción das autoridades sanitarias. O BNG considera intolerable que esta situación se prolongue e demanda unha solución inmediata para garantir o acceso adecuado e seguro ás instalacións do centro de saúde para todos os usuarios.

## Reclaman alternativas para os problemas da néboa na autovía A8

O deputado Daniel Castro esixe medidas urxentes que rematen coa situación de incomunicación na que se encontra a comarca da Mariña. Exíxelles ás administracións que dean “solucións eficaces” e propón a prolongación do terceiro carril de subida da N-634 ata o enlace da A8. O deputado da Mariña réclamlle ás administracións central e autonómica “solucións definitivas” que rematen cos problemas na autovía A8 ao seu paso polo Fiuoco” e que melloren a seguridade dos e das usuarias. Ademais, pídlle ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana que “non se obceque en manter aberto ao tráfico este treito en días de néboa porque poden producir accidentes graves” como a coli-

sión múltiple ocorrida o pasado mes de agosto a causa da néboa, habitual nese treito.

A proposta do BNG, ademais da prolongación do 3º carril da N-634 ata a autovía, é “o arranxo completo do treito por onde se desvía o tráfico cando se pecha a autovía, xa que aínda que supón un traxecto de 2 quilómetros máis, en tempo é practicamente o mesmo e gañaríase en seguridade e comodidade”, asegura. Pola súa parte, os senadores populares insisten na necesidade de que o Goberno instale sen máis retraso os novos sistemas antinéboa que xa foron testados. Conclúen que as medidas instaladas na actualidade son manifestamente insuficientes para garantir a seguridade.

## Verbenas, ofrenda floral e cantos de taberna nos Remedios

A Comisión de Festas da Virxe dos Remedios e o cura párroco do Santuario presentaron a programación das festas patronais que se celebrarán en Mondoñedo os días 14, 15 e 16 de setembro. Durante estas xornadas festivas, o parque da alameda acollerá unha serie de actuacións e actividades para todos os públicos. O sábado 14, o Dúo Zafiro abrirá as celebracións, seguido pola actuación da orquestra Magm, considerada unha das mellores de Portugal, que tocará por primeira vez na comarca. A noite tamén contará co evento “DJs no Camiño”, patrocinado por Radio Líder e a Xunta de Galicia, así como coa XII edición de Cantos de Taberna, que xa se converteu nun clásico das festas. O domingo 15 será o día grande das festas, coa ofrenda floral presentada polo alcalde de Ortigueira. A tradicional procesión, na que a imaxe da Virxe dos Remedios será acompañada pola Banda de Gaitas de Ladrado, marcará un dos



momentos máis emotivos da xornada. A animación musical correrá a cargo da orquestra Pontevedra e da comparsa XX.

As celebracións culminarán o luns 16 de setembro, festivo local coñecido como o “Luns dos Remedios”. A misa da Cofradía, prevista para as 12.30 horas, será seguida pola tradicional sesión vermú co grupo Tania Veiras. A organización das festas destacou

a importancia da programación infantil, que incluírá espectáculos como Mari Faltri Picadiscos, xogos populares, a festa da bicicleta e o Día do Neno, con descontos nas atraccións. Ademais, quixeron agradecer o apoio económico dos veciños e negocios locais, así como a colaboración das administracións, indispensables para manter viva esta celebración tradicional en Mondoñedo.

## O PP pide unha solución ás inundacións nas casas en Santa María Maior



O Grupo Provincial Popular condena a actitude do goberno provincial de PSOE e BNG porque “non dá solución” ante os problemas de inundacións e inseguridade que sofren os veciños do Fondo da Vila, na parroquia mindoniense de Santa María Maior, pola rotura das canalizacións de drenaxe da estrada provincial LU-P-3103. Os deputados populares visitaban a zona cos veciños fai preto dun ano e “case 12 meses despois comprobaron que continúan co mesmo problema ou, se cabe, máis grave”, segundo considera o portavoz, Antonio Ameijide. É por iso polo que dende o Grupo do PP se unen á reivindicación dos veci-

ños para esixirlle ao goberno da Deputación o arranxo das tubaxes cunha capacidade suficiente para que non se volvan repetir inundacións nas vivendas da zona. O portavoz popular sinala que “as canalizacións para o drenaxe transversal e lonxitudinal rebentaron pola presión da auga en momentos de intensas precipitacións debido, moi probablemente ao mal deseño, obstrución e falta de mantemento, xerando danos no asfalto e nas vivendas e un risco innecesario”. E no lugar de Braña, tamén na marxe desta mesma estrada provincial, a canalización e a drenaxe están totalmente desfeitas.



## Brassica Rapa e Ortiga son os novos artistas confirmados para o festival BreaSon

A Asociación Xuvenil Xoldra de Mondoñedo continúa a preparar a nova edición do festival BreaSon e a desvelar os integrantes do cartel desta nova edición. Deste xeito, únense ao programa Brassica Rapa, que subirá ao escenario da cita o vindeiro 9 de novembro para facer desfrutar a todos os asistentes.

Ademais, o rei da verbena, Ortiga, tamén encabeza o cartel desta nova edición e volve a Mondoñedo coa súa banda. Brassica Rapa e Ortiga únense a De Ninghures, Cool Nenas e o grupo Terbutalina. Na última edición contaron con actividades de lecer, unha representación teatral, catas de viño e un magosto. Ao escenario subiron Catuxa Salom, Grande Osso Fillas de Cassandra, Ruxe Ruxe, Los Rastreadores e The Skarnivals. Ademais, o colectivo promove unha cita que mestura a música, a oferta gastronómica, o teatro e moitas actividades.

# “Queremos chegar aos máis novos cos Cantos de Taberna”

A asociación Gaita Escola organiza a décimo segunda edición da cita o 14

Lucía Blanco

Se ben houbo un tempo no que a tradición de cantar polas tabernas, tascas e bares se perdeu un pouco e mesmo chegou a perigar a súa continuidade, en Mondoñedo este costume segue máis vivo que nunca. En galego ou castelán, con instrumentos ou non e soltando algún que outro aturuxo, a tradición regresará de novo á vila da man de Gaita Escola, que organiza a XII Xuntanza Cantos de Taberna o sábado 14 de setembro.

“Nós como asociación temos clases de instrumentos tradicionais de gaita e comezamos a xuntarnos uns cantos e a facer os cantos de taberna. Houbo unha compañeira que tirou polo carro para facer a iniciativa e agora xuntámonos todos os anos e ademais de organizar esta cita tamén participamos noutras da contorna”, lembran. O número de inscricións, un ano máis, non defrauda.

“A verdade é que foi moi ben, tivemos unha reserva de prazas moi pronto porque podemos admitir a 13 grupos e xa temos a agrupacións en lista de espera. Foi en cuestión de días, sacamos o cartel e xa temos o cupo pechado, a verdade é que

sempre temos moi boa acollida”. Entre eles, contarán con habituais da xuntanza que volven edición tras edición e tamén outros que se estreen nesta celebración mindonienese. “Temos moitos grupos aos que lles gusta repetir porque disfrutan da experiencia ano tras ano e despois sempre hai algún grupo novo que se anima e quere vir a ver como é a edición”.

A xuntanza coincide de novo coas festas patronais, polo tamén é unha boa escusa para facer chegar xente á vila, desde distintos puntos da comunidade como Vilalba, Chantada ou Coruña, que se suman a outros grupos procedentes da Mariña como Ribadeo ou Cervo. “Facémolo cadrar cos Remedios. Desta maneira colaboramos coa asociación que organiza as festas, porque achegamos un evento máis e xente que non viña vir ao pobo ou a celebración se non fora por esta iniciativa, achégase ese sábado e sumamos”.

Pero manter unha tradición deste tipo non resulta sinxelo. “Ao final sempre rouba tempo o que é a organización e nós ao final nos dedicámonos a isto sen ánimo de lucro entón é complicado porque tes

compatibilizalo co traballo e coa vida persoal. Pero como temos tan boa acollida facémolo con gusto porque despois xutámonos a moita xente, en total adoitamos ser entre unhas 130-150 persoas. Costa o seu esforzo, pero velos disfrutar tanto que merece a pena”.

E de todas as idades. “Pasa un pouco no noso grupo. Ao final entre fillos de compoñentes, ou sobriños, por exemplo, estamos falando de xente en idade infantil ata xente maior ata 70-80 anos e acorre en todas as formacións”. Pero precisamente xuntar distintas xeracións é un dos principais obxectivos. “Queremos facer mella un pouco nos máis novos e que sexan eles quen continúen con este tipo de iniciativas. A idea é que lles preste, que toquen, que canten e que lles guste”.

E esperan conseguilo cun programa que comeza xa pola tarde, ás 17.30 horas, cun obradoiro de baile. “O ano pasado foi a primeira vez que o fixemos e funcionounos moi ben, porque gustou moito, así que repetimos. Ademais así os grupos viñeron algo antes e pasaron a tarde aquí e implica que se queden a durmir e pasen máis horas en Mondoñedo”.



Despois darán paso aos cantos de taberna que terán lugar en 11 establecementos: A Taberna da Galiana, A Taberna da Valeco, Abadía, Bar Castro, Bodegón A Catedral, Faragullas, O Palique, O Petisco, O Porriño, O Rei das Tartas, O Rincón de Mondoñedo e Vinoteca Segundo.

A gastronomía local tamén terá o seu espazo no programa cuns pinchos que ofrecen a todos os participantes seguir pola noite cunha foliada aberta. Pero o seu traballo non remata aí. A asociación tamén está

ultimando os detalles para o novo curso, que comezará en outubro no local social dos veciños de Masma e co que seguen a apostar pola tradición e por dinamizar a vida cultural no concello. “Nós contamos con Roberto Salas, que é o noso mestre dende fai moitos anos e que nos dá clase de diferentes instrumentos, como pandeireta, gaita, tamboril e tamén de canto. Vémonos todos os xoves e esperamos empezar en outubro e finalizar no mes de xuño coma sempre”.

## Imparten un curso de manexo da colmea para a loita contra a Velutina

A Vicepresidencia da Deputación organizará un curso sobre formas de manexo da colmea para combater a vespa velutina en Mondoñedo. A formación, que terá lugar no IES San Rosendo os días 23 e 24 de setembro, en horario de 10.00 a 14.00 horas, está dirixida a apicultoras e apicultores interesados en aprender métodos efectivos para protexer as súas colmeas desta especie invasora. O curso, impartido por persoal técnico da Casa do Mel de Goente, incluírá contidos teóricos e unha parte práctica, enfocada en estratexias preventivas contra a velutina. As persoas interesadas en asistir poden inscribirse a través do correo electrónico [casadomel@vodafone.es](mailto:casadomel@vodafone.es) ou chamando ao número 661 003 616. Esta iniciativa forma parte dun programa máis amplo de formación en apicultura promovido pola Deputación de Lugo, co obxectivo de actualizar os coñecementos do sector

e fomentar o interese pola apicultura entre a mocidade.

Dende xuño, este programa desenvolve formacións en diversas localidades da provincia, incluíndo Vilalba, O Valadouro, Xove, Muras, Pantón, Cervo e Mondoñedo, abordando temas clave para o sector. O deputado de Rural, Daniel García, destacou a relevancia deste programa formativo, subliñando que “ofrece coñecementos sobre aspectos fundamentais para o sector apícola, desde a mellora do rendemento das producións melíferas ata a protección das abellas autóctonas fronte á velutina, un dos maiores desafíos que enfrenta o sector”.

García tamén salientou que esta proposta xurdiu da colaboración e o diálogo coas entidades representativas do sector, complementando outras accións levadas a cabo en colaboración coa Asociación Galega de Apicultura.

## O comercio sorteia 200 euros en vales de compra na volta ao cole

A Asociación de Comerciantes de Vegadeo (ASCOVE) está inmersa na celebración da campaña Volta ao Cole 2024, que se desenvolverá durante o mes de setembro. Co fin de promocionar o sector comercial e de servizos do concello, fomentar a fidelización da clientela da área comercial de influencia, atraer, tamén, novos clientes e incentivar as vendas dos establecementos asociados participantes, promove a realización dun sorteo promocional de 200 euros en vales de compra (4 vales de 50 euros cada un), dentro desta campaña.

Participarán, salvo renuncia expresa, todos os establecementos asociados polo mero feito de manter vivente esta condición de socio á data. A efectos informativos, publi-

carase a listaxe actualizada de asociados na páxina web, publicación relativa a esta promoción. No referente á participación da clientela, queda expresamente prohibida a participación de menores de idade e incapacitados legal ou xudicialmente.

Os establecementos participantes na campaña entregarán aos seus consumidores os tickets ou facturas coas súas vendas aos correspondentes clientes, sen necesidade de ningunha outra acción, tendo en conta a duración da campaña. Non poderán resultar premiados os propios asociados nin os seus familiares directos, así como tampouco os seus empregados, con tickets ou facturas do seu propio establecemento.

## A estación móbil da ITV volve a Vegadeo

A estación móbil de ITV estará na Veiga, no recinto feiral para realizar inspeccións aos vehículos, os días 24 e 25 de setembro. Concretamente será para os vehículos especiais de obras (1ª inspección aos 4 anos da súa matriculación), tractores e remolques agrícolas (1ª inspección aos 8 anos da súa matriculación), ciclomotores de 2 rodas (1ª inspección aos 3 anos da súa matriculación) e motocicletas (1ª inspección aos 4 anos da súa matriculación). Tamén se inspeccionará os quads e similares 81ª inspección aos 4 anos da súa matriculación, vehículos de 3 rodas (1ª inspección aos 4 anos da súa matriculación) e coches sen carné (1ª inspección aos 4 anos da súa matriculación). Pode reservarse cita a través da páxina web [www.itvasa.es](http://www.itvasa.es). Non poden asegurarse a atención dos vehículos sen cita previa. Os interesados poden solicitar máis información ou contactar a través do 985 110 595 e do [ciclodomi@itvasa.es](mailto:ciclodomi@itvasa.es)

## Xove combina o deporte, a diversión e a convivencia no seu Día da Bicicleta

O próximo 22 de setembro de 2024, a partir das 11 da mañá, Xove acollerá unha nova edición do Día da Bicicleta, un evento dirixido a toda a comunidade. Os organizadores convidan a todas as persoas interesadas a participar nesta xornada que promete diversión e deporte ao aire libre. As inscricións realizaranse antes da saída e no caso dos menores de idade deberán contar cunha autorización paterna para participar.

A xornada incluírá dúas rutas: unha circular duns 10 quilómetros para os adultos e outra máis curta para os máis pequenos. Ademais, instalarase unha estrutura de pump track na praza do concello, onde os nenos poderán practicar as súas habilidades. Ao finalizar as rutas, os participantes poderán disfrutar dun avituallamento e participarán



nun sorteo. Desde a organización, na que se inclúen o club ciclista Komando Xoviético, ADC Xove e o Concello, animan a todos a sumarse a este evento que combina exercicio, diversión e convivencia comunitaria.

## Convocadas as palilleiras para o Encontro do 5

O Departamento de Muller e Igualdade do Concello de Xove abre o prazo de inscrición para o XIII Encontro de Palilleiras Coas nosas mans, que terá lugar o vindeiro 5 de outubro. A convocatoria estará aberta ata o 30 de setembro, permitindo a participación tanto de asociacións de palilleiras como de vendedores e vendedoras interesados en montar un posto de venda durante o evento.

As persoas interesadas en participar como vendedores deben cubrir a solicitude dispoñible na páxina web oficial do Concello de

Xove e enviala ao correo electrónico [encontrapalilleiras@xove.es](mailto:encontrapalilleiras@xove.es). Pola súa banda, as palilleiras que desexen participar no encontro poderán inscribirse cubrindo a solicitude dispoñible na web do Concello ou chamando ao número de teléfono 982 592 001. O prazo para ambas inscricións finalizará o 30 de setembro. Este encontro anual en Xove converteuse nunha cita clave para as palilleiras, onde comparten técnicas e mostran o seu traballo artesanal, fomentando así a preservación desta tradición tan arraigada na cultura galega.

## Quenda de inscrición na Escola de Música

Abre o prazo de solicitude de matrícula para o curso 2024-25 na Escola Municipal de Música ata o 30 de setembro. Esta convocatoria está dirixida a persoas maiores de 4 anos ou que cumpran os 4 anos ao longo do ano 2024. Os interesados poden recoller o impreso de solicitude no Rexistro do Concello ou descargalo desde a web oficial do Concello de Xove.

Unha vez cuberto, o impreso de-

berá ser entregado no mesmo Rexistro ou enviado a través da Sede Electrónica do Concello de Xove, como instancia xeral, adxuntando a ficha de solicitude cuberta. O 3 de outubro farase público o listado definitivo de admitidos na Escola Municipal de Música para o novo curso. Para máis información, os interesados poden contactar a través do correo electrónico: [xulianogueira@gmail.com](mailto:xulianogueira@gmail.com).

## “Tiñamos ganas de volver, porque son citas que se poden perder”

Saiñas de Xove organiza a Foliada da Mariña o 14, con cantos de taberna

Lucía Blanco

A Asociación Cultural Saiñas de Xove volverá a homenaxear a tradición o 14 de setembro nunha nova edición da Foliada da Mariña, unha cita en torno ao baile, á música é a tradición galega, que continúa viva grazas a este colectivo fundado no 1982. “Despois destes anos tan atípicos pola covid e diversas situacións, tiñamos ganas de volver a sacar adiante este tipo de eventos, que para nós son moi importantes, porque se poden ir perdendo co paso do tempo”, conta Jairo Míguez, o presidente.

A proposta naceu tras unha xuntanza de membros do grupo. “Así xurdiu a idea de intentar organizar unha foliada. Viñamos de asistir á que organiza Xacarandaina todos os anos na Coruña e pensamos que sería boa idea tentar ter unha na nosa zona, porque non había”. Nesta décimo sexta convocatoria, na que contan coa colaboración do Concello de Xove, ademais da formación organizadora, estarán Cordenaia, Leducia, Arco da Vella e As ferriñas, entre outros. “As inscricións van a bo ritmo e practicamente xa temos pechados todos os grupos participantes. Falta concretar algún, pero está todo moi ben encamiñado”.

E, por primeira vez, estean ao mediodía uns cantos de taberna nos que tamén estarán Espera que vou mexar, Rebolaxe ou Fol do Raxal. Cada un dos grupos participantes terá uns 25 minutos para convencer aos bares de que a súa actuación merece ser a gañadora. “Cremos que é unha moi boa opción poder recuperar eses momentos que tanto se levan feito ó longo dos anos pasados e de amosar polo pobo e polos bares esa cultura tan antiga que había de animar os momentos de estar tomando os viños e crear un bo ambiente”, sinala. O fin de festa virá da man de Nimbos, un grupo de música en galego con base tradicional que



bebe de diferentes estilos, dende o folk galego a músicas tradicionais doutros países e que vén de editar o seu primeiro sinxelo.

Os que se animen tamén poderán tomar parte nunha foliada libre coa que pechan o programa da xuntanza deste ano que, aínda que cambiou de localización no último tempo, pois comezou na praia de Esteiro, mantén a mesma esencia que nos seus inicios: tecer lazos entre o colectivo. “Para nós supón pasar un bo día entre todos os membros da asociación, ó final ademais de ser uns días de moitísimo traballo e organización pois tamén serve para facer esa piña entre nós que tanto nos caracteriza, xa que somos de crear moi bo ambiente e estar todos arrimando o ombro cando é preciso”.

Tal e como fan todos, pois organizar unha proposta así non resulta nada sinxelo. “Implica moito traballo de contacto con grupos, de loxística para ese día, de preparar carpa, son, horarios... Por sorte como presidente non podo estar máis orgulloso do equipo directivo que me acompaña, xa que son uns grandes traballadores e colaboradores”. Míguez agradece a todas as persoas que fan posible esta foliada, un traballo que “saca para o ocio persoal e para a propia diver-

sión fóra do grupo”.

Ese esforzo pode ser a clave da boa acollida coa que goza dende sempre. “A verdade que dende o primeiro ano tivo moita aceptación, tanto na xente de aquí como de turistas que andaban pola contorna e non fixo máis que medrar e mellorar como tal. De seguro que vai saír todo moi ben e teremos unha moi boa presenza de xente disposta a pasar un día diferente e de desfrutar da festa aquí en Xove”.

Recoñecen que propostas deste tipo, ás que unen a Festa do Iacón, da que tamén se encargan eles, supoñen “unha maneira de promocionar o municipio e de mostrar as diferentes variedades que se poden ofrecer dentro del. Así como a unión do pobo e da veciñanza en acompañar e apoiar todos estes eventos que tanto custa sacar adiante”. Saiñas sembrou a semente da tradición galega na vila hai máis de 40 anos, pero seguen a loitar por poñer en valor toda a cultura a tradición dos nosos devanceiros. “Pouco a pouco pode que estea gañando máis forza da que tiña. É moi importante facer que sigan vivas a través de todas as actividades posibles e que todos os grupos e asociacións da Mariña traballemos para que sigan durando anos”.





## O Museo do Mar presenta a programación para o novo curso

Coincidindo cos preparativos para o inicio do curso escolar, a Rede Museística Provincial pon a disposición dos centros escolares a súa programación para o curso 2024-2025, con multitude de propostas tanto presenciais como virtuais elaboradas a partir dos fondos do Museo Provincial de Lugo, o Museo do Mar de San Cibrao, o Museo Fortaleza San Paio de Narla e o Pazo de Tor.

O obxectivo da programación é achegar, un curso máis, o patrimonio conservado nos museos ao alumnado a través dun conxunto de actividades, deseñadas para cada etapa -infantil, primaria e secundaria - a partir da experiencia e da investigación educativa que se desenvolve nos museos provinciais

A deputada de Cultura Iria Castro e a xerente da Rede Museística Encarna Lago presentaron o catálogo de actividades no Pazo de Tor, coincidindo coa celebración dun obradoiro "En tempo presente" no que profesionais de museos compartiron e intercambiaron experiencia na xestión do tempo e na realización de proxectos. Iria Castro subliñou "o importante traballo que realiza a Rede Museística ano tras ano para crear vínculos coa comunidade educativa e ofrecer

propostas e materiais que relacionan as coleccións e espazos do museo coa súa propia vida e procesos de aprendizaxe, e que contribúen tamén a sensibilizar na conservación do patrimonio e da memoria".

A xerente da Rede Museística Encarna Lago destacou que se trata dunha planificación baseada "na innovación educativa" que afonda na idea dun "museo educador, que fomenta a aprendizaxe integral e impulse o pensamento crítico e a investigación". A programación artéllase arredor de catro eixos temáticos - recuperación de historias esquecidas, fomento da igualdade, dereitos culturais e migración - e inclúe distintos itinerarios e obradoiros para visitas presenciais ou virtuais aos distintos museos da rede ao longo do ano, en función das etapas educativas.

Algunhas das propostas fórmulanse a partir de "caixas de aprendizaxe", que inclúen recursos e contidos elaborados pola Rede Museística para que o profesorado poida empregar na aula como ferramenta flexible, multidisciplinar e transversal para traballar a educación en valores a través das coleccións dos museos.

O catálogo completo pode consultarse na web [www.comunidadermpl.es](http://www.comunidadermpl.es).

Poden realizarse consultas e concertacións no enderezo electrónico [concertacionsmp@gmail.com](mailto:concertacionsmp@gmail.com) e no teléfono 982 242 112.

**RECLAMACIÓN DO PP.** Os deputados do Grupo Provincial Popular apostan pola súa posta en valor "incrementando o investimento en difusión" porque "se non se difunde, non se coñece", acentúa. Ameijide explica que "nos consta que, coma en todo bo museo, neste tamén quedan moitas pezas aínda nos almacéns sen expoñer, e os lucenses e visitantes queremos e merecemos gozar delas" e por iso "é preciso que a Deputación busque máis recursos para poñer en valor todas estas pezas que están almacenadas e sen ser desfrutadas polos lucenses".

O popular defende que "o Museo Provincial do Mar merece maior investimento por parte do goberno da Deputación de Lugo" toda vez que "na actualidade recibe unicamente un 0,17% do total do orzamento do ente provincial" que se corresponde cos gastos de persoal e mantemento, pero "sen que o goberno de PSOE e BNG faga ningún tipo de esforzo por promocionar a súa actividade e poñer en valor a súa singularidade".

## Meneses destaca o traballo realizado no campamento A carón da Mariña

A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, acompañou aos participantes do campamento A carón da Mariña á visita que realizaron ás instalacións do Museo Histórico de Sargadelos, como un xeito "lúdico e didáctico de pór en valor a importancia no noso patrimonio industrial e cultural deste referente internacional da cerámica, que irmandou con éxito tradición e vangarda".

Lara Meneses explicou que este campamento é un dos cinco programas con 200 prazas que ofrece a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude na campaña O teu mellor verán, dirixidos a persoas, de entre 18 e 30 anos, co obxecto de que "a mocidade desta franxa de idade conte con propostas alternativas de lecer saudable". Deste xeito, as persoas que sobrepasen a maioría de idade están a ter á súa disposición, desde o pasado mes xullo e durante todo agosto, cinco instalacións diferentes nas que desenvolver rutas, actividades artísticas, acuáticas ou de multiaventura.

Neste caso, esta visita ao Museo



Histórico de Sargadelos forma parte da programación do campamento A Devesa, no concello lucense de Ribadeo, na que se leva a cabo a ruta de interpretación ambiental 'Camiño Real de Sargadelos', que ten parada en Cervo. Este albergue súmase ao de Cabana de Bergantiños, ao de Allariz, ao de Montañas de Trevinca na Veiga e ao complexo Cemar no Mondariz Balneario en canto á oferta de actividades para persoas entre 18 e 30 anos de idade, que o Goberno galego decidiu recuperar na programación deste ano dos seus

campamentos de verán.

A representante da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude afofudou na importancia de "promover actividades que fomenten, durante esta época de estío, a conciliación familiar e laboral". Deste xeito, destacou que a Campaña de Verán da Xunta "está sendo un referente en todo o Estado polo alto nivel das súas actividades". "Así é que Galicia se converteu en destino preferente, tanto para a mocidade galega como doutras comunidades ou do estranxeiro", aseverou.

## Licitan a construción dun novo Punto de Encontro Familiar

A Xunta de Galicia anuncia a licitación das obras para a construción dun novo Punto de Encontro Familiar (PEF) na comarca da Mariña, concretamente no concello de Cervo. O Goberno galego destinará máis de 150.000 euros a este proxecto, que permitirá a creación do segundo PEF na provincia de Lugo, sumándose ao xa existente na capital lucense. Este novo recurso dará cobertura a toda a comarca da Mariña, desde O Vicedo ata Ribadeo, e tamén estará dispoñible para familias doutros concellos próximos que poidan necesitar os seus servizos.

A localización céntrica do PEF en Cervo contribuirá a mellorar a situación de moitas familias da zona, que na actualidade deben desprazarse ata 200 quilómetros para utilizar este tipo de instalacións. O novo PEF estará situado no edificio da antiga sede do

Concello de Cervo, que foi cedido pola administración local á Xunta. As obras incluírán a remodelación completa do inmovible para adaptalo ás necesidades do servizo, incluíndo a creación de tres salas de visitas e intercambio, despachos para entrevistas, un office, baños adaptados, almacén e unha zona de recepción.

Os Puntos de Encontro Familiar son espazos gratuítos que facilitan o contacto entre nenos e os seus familiares, habitualmente en casos de rupturas familiares conflitivas ou outros problemas graves de relación. Galicia conta actualmente con oito PEF operativos, localizados principalmente en áreas urbanas, ademais doutro na comarca da Barbanza. Ademais do novo PEF da Mariña, están en fase de creación outros tres puntos nas comarcas do Deza (Pontevedra) e Monterrei (Ourense).

### EN BREVE



**CURSO.** Finalizou unha nova edición do curso de Monitor de Tempo Libre, dentro da iniciativa Avívate VII, dirixida á mocidade maior de 18 anos. Durante os meses de xullo e agosto, 11 mozos e mozas participaron activamente no curso, formando un grupo unido e entusiasta. A alcaldesa felicitou aos participantes polo seu compromiso e dedicación, destacando o papel fundamental de Alicia, a monitora.



**VOLUNTARIADO.** Cervo reactivou este verán os programas Cervo a carón do voluntariado VII e Voluntariado Miúdo IV, destinados á mocidade de entre 16 e 30 anos e de 12 a 15 anos. Estas iniciativas, segundo destacou a alcaldesa Dolores García Caramés, tiveron unha excelente acollida, con 11 mozas do municipio uníndose a estas accións voluntarias, demostrando un forte compromiso co desenvolvemento cultural e social da comunidade.

## Aprobados por máis de 5 millóns de euros os orzamentos municipais

Barreiros aprobou en pleno, sen votos en contra, o maior orzamento municipal da súa historia por importe de 5.299.343,99 euros. Entre os investimentos aprobados, a rexedora destacou os destinados á adquisición dos terreos para a construción da nova EDAR en San Miguel, “non polo importe, senón polo simbolismo de poñer a primeira pedra para facer realidade tan demandada e necesaria infraestrutura”.

Ana Ermida defendeu que o feito de contemplar este investimento nos orzamentos demostra que os goberno municipal está a poñer todo da súa parte para acadar o obxectivo final no que levan traballando o primeiro día e no que continuarán demandando a implicación do resto de Administracións. Neste sentido, a alcaldesa informou que xa ten solicitada desde o mes de xullo unha reunión coa nova conselleira de Medio Ambiente para tratar esta cuestión, estando á espera de resposta á mesma. Entre os investimentos previstos priorízanse os relativos á rede viaria cun importe de máis de 550.000 euros;

a equipamentos públicos, como colectores de lixo ou alumeadado público, cun investimento de máis de 104.000 euros ou os relativos ás redes de saneamento e abastecemento de auga, con máis de 63.000 euros de investimentos novos, aos que deben sumarse os 668.500€ incluídos para mantemento e subministro destes servizos.

Ermida cualificou estes orzamentos como “realistas e axustados ás necesidades dun municipio de 3000 habitantes que está asumindo o dimensionamento duns servizos que deberían estar feitos antes de promocionar un modelo de crecemento habitacional que non se corresponde coa capacidade do mesmo.” A rexedora introduciu tamén a necesidade de “abordar con seriedade o modelo de financiamento municipal no seu conxunto e, especialmente, dos municipios galegos, que levan anos soportando unha posición de infrafinanciación na participación nos tributos do Estado o que sitúa á Administración Local Galega no seu conxunto como grande prexudicada con respecto a outros territorios.”

## O PP de Barreiros esixe arranxar os accesos á praia de San Bartolo

O Partido Popular esixe ao Concello de Barreiros e á Demarcación de Costas do Estado que adopten de inmediato as medidas necesarias para solucionar os graves problemas existentes nos accesos á praia de San Bartolo. Así, os populares farán unha fronte común desde o Grupo Municipal no Concello de Barreiros e os Grupos Parlamentarios no Parlamento de Galicia e no Senado, co obxectivo de que todo volva á normalidade neste emblemático areal.

Un dos problemas existentes é a presenza dun foso aberto que ten, aproximadamente, 3 metros de boca e 10-15 metros de profundidade e cal está situado ao carón do paseo que discorre ao longo da praia. Polo tanto, “o perigo que aí existe é obvio e o único que hai son unhas vallas de “xoguete” polo que solicitamos que o goberno municipal do BNG, apoiado polo PSOE, corrixa de maneira urxente o perigo que existe neste momento con este foso”, sinalan os populares.



A principios do mes de xaneiro do ano 2021 produciuse un desprendemento de rocas de gran tamaño sobre a escalinata de acceso occidental da praia de San Bartolo. Neste senso, e ante as continuas declaracións da alcaldesa de Barreiros de que está en contacto con Costas do Estado e visto que, ante a inacción da administración estatal e municipal, estamos ante o cuarto verán cos accesos á

praia pechados, os populares preguntáronse cales son os resultados das negociacións do goberno nacionalista de Barreiros co Goberno de España e consideran que en catro anos tanto o Goberno como o Concello de Barreiros tiveron tempo suficiente para retirar as rochas do derrubamento, reparar o cantil e impulsar as actuacións necesarias para evitar futuros danos.

## Comezan en San Miguel a colocar cubrecontedores



O Concello ten en marcha as actuacións dirixidas ao embelecemento do centro histórico de San Miguel, dando comezo ás obras de colocación de cubrecontedores que foron deseñados de xeito personalizado. Estas sete pezas, realizadas en aceiro inoxidable lacado en negro, darán unha nova imaxe na zona de contedores situados no Souto, Entrerriños, Nogueiredo, Os Martices e Áspera. Comeza así unha primeira actuación dun conxunto no que se incluírá o adecentamento da praza do Souto e a limpeza do río de San Miguel no tramo urbano, para o que o Concello tivo que xestionar ante Augas de Galicia un permiso específico que levou anos de tramitacións. A alcaldesa,

Ana Ermida, explica que se trata dunhas actuacións coas que se pretende “embelecer unha zona emblemática da parroquia de San Miguel, un casco histórico a efectos prácticos, que conta cun valor patrimonial en canto a edificacións e social polos usos que fai a poboación que merece intervencións especiais.”

A rexedora resaltou a “necesidade de pór en valor a praza do Souto, epicentro da parroquia, e practicamente o único centro urbano histórico existente no municipio”. A adquisición dos cubrecontedores realízase ao abeiro dun Convenio asinado coa área de rural da Deputación de Lugo e ascende a 25.000 euros.

## Ultiman a posta en marcha do ximnasio municipal

Barreiros ultima a posta en marcha do ximnasio municipal coa licitación da nova maquinaria que vén a complementar a inversión na remodelación interior e exterior da instalación. A rexedora explicou que se cando estea finalizado o investimento roldará os 250.000 euros.

A maiores, a posta en marcha deste servizo conta cun investimento do propio Concello de preto de 50.000 euros e unha axuda da Dirección Xeral de Deportes doutros 50.000 euros. O Concelleiro de Dinamización, Dani García, explica que neste momento “o obxectivo do contrato posto en marcha é dotar a sala co equipamento preciso para adaptala ao maior tipo de persoas usuarias, complementando a adquisición de 3 máquinas que conseguimos ao solicitar a subvención da Xunta”.

O ximnasio e o pavillón municipais contarán tamén con novos controis de acceso nas portas, para o que será preciso unha adaptación de taxas e regulamento. “Todo isto irá recollido nunha nova ordenanza municipal que xa estamos elaborando para preparar a apertura das instalacións nos vindeiros meses”, explicou García.

### EN BREVE



**DRONS.** Celebrouse un taller de pilotaxe de drons, no que participaron as rapazas e rapaces da APNED. Os participantes tiveron a oportunidade de coñecer as partes fundamentais destas aeronaves non tripuladas, a normativa e experimentar a emoción de pilotar drons nun circuíto especial.



**CAMPAMENTO.** Un total de 13 rapazas e rapaces completaron con éxito a formación no Campamento Dixital organizado polo Concello en colaboración coa Fundación CiberVoluntarios, despois de tres semanas de intensa e divertida aprendizaxe.

## Abre o prazo para o alugueiro social da vivenda A Pinguela

O Concello de Alfoz informa da apertura da convocatoria para o aluguer social da vivenda amoblada A Pinguela, destinada a proporcionar unha solución habitacional a unidades de convivencia con escasos recursos económicos. A vivenda, recentemente rehabilitada e completamente equipada, está dispoñible para ser ocupada como residencia habitual e permanente.

As obras de rehabilitación da vivenda A Pinguela finalizaron en outubro de 2021, cunha achega financeira do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS). Posteriormente, en xullo de 2023, o Concello asinou un convenio coa Deputación Provincial de Lugo, que permitiu financiar o amoblamento e a instalación de electrodomésticos necesarios para facer da vivenda un fogar completamente equipado e funcional.



Este programa de aluguer social está dirixido a unidades de convivencia cuxos ingresos sexan inferiores a 2,5 veces o IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples), co fin de ofrecer un alivio ás familias que afrontan dificultades económicas e precisan dun lugar digno onde vivir.

As persoas interesadas poderán pre-

sentar as súas solicitudes no Concello de Alfoz ata o 13 de setembro, onde se lles proporcionará toda a información necesaria sobre os requisitos e o proceso de selección. Con esta iniciativa, o Concello reitera o seu compromiso coa promoción do benestar social e a mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas máis vulnerables.

## Comeza a inscrición nos Madrugadores e nas escolas municipais

Xa está aberto o prazo de inscrición para as actividades de apertura do CEIP. Este ano, o centro escolar continuará coa ampliación do horario no programa de Madrugadores, así como no horario de tarde a través das actividades de Ocio e Estudo (OES) e clases de Inglés.

Os interesados poden facer a súa inscrición na oficina de rexistro do Concello e tamén na sede electrónica. Deste xeito, poñen en marcha un servizo de ocio, estudo e inglés dirixido ao alumnado do CEIP Castro de Ouro que no caso de inglés permitirase alumnado de ata 16 anos.

Esta proposta comezará o 11 de setembro e impartirase de 16.00 a 17.00 e de 17.00 a 18.00 os mar-

tes e xoves. Ademais, ofrecen o servizo de madrugadores para o alumnado do CEIP, que botará a andar tamén o día 11. O horario será de 7.30 a 9.30. As nenas e neos que requiran do servizo de xeito esporádico deberán avisar o día antes.

Alfoz pon en marcha as escolas municipais para o novo curso. Os interesados poden inscribirse ata o 13 de setembro. Ofertan fútbol sala e fútbol campo para todo os nenos e nenas do municipio que queiran tomar parte nestas iniciativas.

Trátase dunha serie de propostas para os nenos comprendidos de entres 3 e 16 anos. Os interesados poden solicitar máis información no 982 558 001.

## Amado Lar ofrece clase de pandeireta, gaita, baile, canto e percusión



A Asociación Cultural Amado Lar do Valadouro presenta os obradoiros e clases para o vindeiro curso, que comezan o 30 de setembro. Este ano ofrecen baile, canto e pandeireta e gaita e percusión. Os talleres de baile, canto e pandeireta terán lugar os luns con clases de iniciación ao baile a partir de 4 anos, que serán de 19.15 a 20.00 horas con Candela Riveira; de pequenos, de 17.00 a 18.49; medianos en horario de 18.30 a 19.15 e de 20.15 a 21.00 para pandeireta e canto e de 19.15 a 20.15 para baile. A quenda dos adultos será de 21.00 a 22.00 para os que se anoten en pandeireta e canto e de 22.00 a 23.00 horas para os que

se decanten por baile. Por outra banda, tamén programan clases de gaita e percusión, que comezan o 5 de outubro e serán os sábados de 18.30 a 21.30 horas. Os grupos e a distribución das clases están pendentes de organizar polo mestre, que será Javier Bossa, segundo os niveis e as posibles novas incorporacións.

Os interesados en anotarse poden poñerse en contacto coa asociación a través do 609 371 551 (Ángeles), do 649 593 139 (Rosa), do 653 175 778 (José María), do 680 766 568 (Cristina) e do 646 825 113. Para novas incorporacións, é imprescindible poñerse en contacto coa directiva.

## Traballan nunha nova edición da súa Concentración de Motos

Tras o éxito da vixésimo sétima Concentración de Motos 2024, o club prepara unha nova convocatoria da cita que xa está máis que consolidada no calendario. Deste xeito, o colectivoponse a traballar na actividade que terá lugar os días 2, 3 e 4 de maio. Neste ano, os asistentes puideron gozar de picada moteira, mercado, ruta moteira, xantar, unha exhibición acrobática e sorteos. Ademais, a música tampouco faltou

na xornada pois actuaron o grupo The Rock Legend, unha disco móbil e a orquestra Charleton Big Band. Os máis cativos tamén tiveron o seu oco na concentración pois os organizadores puxeron en marcha inchables gratis para os máis pequenos. Unha comida moteira de despedida, onde se levou a cabo a entrega de trofeos e o sorteo de agasallos, puxo punto final a última convocatoria da concentración que tivo un custo de 45

euros pola inscrición.

Polo momento, non se desvelou o programa da vindeira edición na que o vehículo de dúas rodas será o gran e indiscutible protagonista no municipio ao que ano tras ano se achegan visitantes de todos os puntos para gozar das distintas actividades que poñen e marcha dende o Moto Clube Valadouro como son o mercado, as rutas ou as exhibicións acrobáticas.

## A cativada xa pode inscribirse nas escolas deportivas

O Concello abriu o prazo para a inscrición nas Escolas Deportivas de Fútbol, orientadas aos alumnos e alumnas de 4º de infantil ata 4º de ESO. As solicitudes deben ser presentadas polos proxenitores ou titores legais utilizando o modelo facilitado. O prazo finaliza o 13 de setembro ás 14.00 horas.

Os interesados poden tramitar as solicitudes tanto nas Oficinas Xerais do Concello como a través de medios telemáticos. As bases e o Anexo I, que contén toda a información necesaria, están dispoñibles para con-

sulta no portal oficial do Concello. Esta iniciativa busca proporcionar actividades de conciliación e fomentar a práctica deportiva entre os mozos do concello.

Ofértanse as categorías biberón (2020-2019), prebenxamín (2018-2017), benxamín (2016-2015) e alevín (2014-2013). O obxectivo é fomentar a práctica de actividades físico-deportivas entre a poboación infantil e xuvenil e establecer as bases para que esta práctica sexa un recurso de convivencia, participación e mellora da calidade de vida.

## Budán inicia os seus tres días de festa

Budán comeza as súas festas na honra á Virxe das Dolores. A romaría arranca o venres 13 a partir das 21.00 horas con comida popular a base de empanada, xamón cocido, chourizo, pan e viño. A música virá da man do dúo Crazy. Ademais, o sábado haberá misa solemne, procesión e sesión vermú da man do grupo Montreal. A formación tamén amenizará a verbena pola noite.

A romaría rematará o domingo 15 con misa solemne, procesión e unha sesión vermú longa do dúo Belinda.

## a pontenova

## O PP esixe que se axilicen as obras da residencia de maiores



Os representantes do Partido Popular esixiron ao Goberno provincial que axilice as obras da residencia de maiores, un proxecto que, segundo os populares, debería estar xa rematado. Os deputados Antonio Ameijide, Clemente Iglesias e José María Fernández visitaron a zona acompañados por concelleiros do PP locais, entre os que se atopaba a portavoz municipal, Conchita Novo.

O PP advertiu que as obras, que teñen un prazo de execución de 15 meses, foron adjudicadas a finais de agosto de 2022 e, a pesar de que xa pasaron dous anos desde a sinatura do contrato, o proxecto

aínda non se completou. Antonio Ameijide, portavoz do grupo, subliñou a importancia de que o servizo se poña en marcha canto antes para atender a 30 persoas en réxime de residencia e 20 no centro de día, o que tamén xeraría novos postos de traballo no municipio. Ameijide tamén criticou que outras residencias comprometidas na provincia, como a de Becerreá, permanecen pechadas a pesar de estar rematadas. Segundo o PP, o goberno de PSOE e BNG está a "privar do servizo aos veciños por capricho político", o que xa provocou o deterioro das instalacións pola falta de uso e mantemento.

## Motoreo e a asociación As Minas farán cursos de primeiros auxilios

O municipio da Pontenova acolle uns cursos de primeiros auxilios organizados por Motoreo A Pontenova e A.C.D. As Minas, coa colaboración do Concello. A actividade virá impartida por Iván Trabadelo Iglesias. A formación de DESA terá lugar o 21 e 22 de setembro de 9.30 a 13.30 horas

baixo un prezo de 120 euros por persoa.

No caso de primeiros auxilios, impartirase o 21 de setembro de 16.00 a 18.00 horas e terá un prezo de 30 euros. As prazas son limitadas. Os interesados en participar poden reservar a súa praza no 615 828 762 e no 617 935 556.

## O CIT oferta clases de inglés este curso

O CIT abre a matrícula para as clases de inglés para este novo curso. Ofrecen todos os niveis tanto para nenos como para adultos, ademais de traballar a conversación e de preparar ao alumnado para os exames oficiais. As clases

impartiranse de 18.00 a 19.00 e de 19.00 a 20.00. Comenzarán o vindeiro 7 de outubro. A proposta ten un prezo de 6 euros por hora para os socios e de 7 para os non asociados. Os interesados poden solicitar máis información no 647 023 692.

## o vicedo

## Os veciños seguen a manifestarse pola cobertura de médicos

A veciñanza do municipio do Vicedo continuou unha vez máis coas protestas pola falta de médicos no centro de saúde do concello para reclamar de novo a cobertura das prazas de médicos con carácter fixo. Un domingo máis, as Asociacións culturais, deportivas e de veciños do Concello manifestáronse para esixir mudanzas na situación.

Os convocantes programaron unha nova concentración diante do Concello. Esta manifestación súmase ás outras programadas nas que denuncian que durante dúas semanas esti-



veron as axendas pechadas, con días sen facultativo, outros nos que só se atenderon as urxencias, anuláronse

citas ou só houbo atención catro horas. Tampouco lograron atención no pediatra en Viveiro.

## O PSOE pide solución ao estado da recollida do lixo

O PSdeG do Vicedo da man da súa voceira Verónica Canoura preguntou en varias ocasións por como se ía xestionar a recollida de lixo e a limpeza dos contedores na tempada de verán co aumento da poboación. Os socialistas aseguran que segundo o alcalde non é preciso o reforzo.

Lembran, ademais, que a limpeza de contedores só se realiza no casco urbano a principios e finais de verán pola empresa contratada polo Concello, pero que aínda non teñen constancia de que se fixera. Aseguran que xa trataron esta cuestión nos penos dos meses de marzo e maio pero que nestes últimos días recibiron queixas por parte da veciñanza, ademais de



que se trata dunha problemática que se mantén sempre durante a tempada estival debido ao volumen de poboación no municipio e que seguen sen dar unha solución.

## Preocupación no Concello pola presenza das carabelas nos areais

O Concello do Vicedo amosa a súa preocupación pola presenza de carabelas portuguesas. A aparición destes exemplares a diario nos areais causa alerta entre os bañistas, pero tamén aos gobernos locais que deben facer fronte a esta problemática. "Se tiñamos poucas adjudicacións encima con isto é máis complicado. Mandamos persoal como podemos pero é moi difícil", comenta o alcalde, Jesús Novo. En último momento, tócalle ao servizo de socorrismo determinar se pecha a praia ao baño, pero se non o hai é o Concello o encargado de asumir esta responsabilidade, como aconteceu na de Abrela e na de San Román.

De feito, ao longo do mes de setembro a previsión é que a auga se manteña aínda máis cálida, polo que se espera que sigan presentes estes pólipos.

## Negradas prepárase para celebrar as súas festas a finais de mes

Negradas, no Vicedo, prepárase para celebrar as súas festas na honra a San Miguel. A cita será o vindeiro sábado 28 de setembro a partir das 13.00 horas cando terá lugar unha misa cantada que virá seguida dunha procesión.

A música non faltará e os asistentes e veciños poderán gozar dunha sesión vermú que estará protagonizada polo grupo Fenix. O grupo tamén amenizará a verbena pola noite, a partir das 22.30 horas, acompañada pola orquestra Solara.

## CONCURSO DE AREA



O Vicedo foi escenario, un ano máis, do tradicional concurso de figuras de area, nesta ocasión organizado na praia de Xilloi cunha gran participación dunhas 50 persoas. Tamén se achegou moito público a gozar do día de praia e da actividade. Finalmente, entre os premiados, encóntranse Carlos, vencedor da franxa de 3 a 5 anos; Martina, Silvia e Lola e tamén Lara e Eloy na franxa de 6 a 11. Tamén resultando vencedores Aroa e Celia e Sabrina, Vera e Olivia na categoría de 12 a 16 e Laura, Natalia e Guillem e Ignasi, Laura e Enia na franxa de adultos.

# Comeza a construción dunha área recreativa en Vilapena

O Concello de Trabada comezou dúas obras nas parroquias de Vilapena e Vidal. Por unha parte, a construción dunha área recreativa en Vilapena, situada no comezo da ruta de sendeirismo de dita parroquia. O orzamento da actuación ascende a 30.000 euros. “Con esta obra, ampliamos a nosa rede de áreas recreativas; ademais, a proximidade da parcela a unha das rutas de sendeirismo máis importantes do concello pon en valor a súa conversión en área de descanso para veciños e visitantes”, explica o alcalde, Rubén García.

Por outra parte, comezaron os traballos de renovación da vivenda da antiga escola de Vidal, unha actuación que ascende a máis de 50.000 euros para facer unha reforma integral do interior do inmoble. “Destinaremos este inmoble a uso público e social na parroquia”, engade o alcalde.

Ambas dúas actuacións pódense levar a cabo gracias a que se conseguiron dúas subvencións solicitadas polo concello a Turismo de Galicia e ao Instituto Galego de Vivenda e Solo. “Continuamos con actuacións en diferentes parroquias do noso concello, mellorando Trabada



con novos proxectos e actuando en todo o territorio”, remata Rubén García.

**CAMIÑOS.** O Concello de Trabada comeza dúas obras nas parroquias de Trabada e Vidal. En concreto, trátase de dúas intervencións na zona de A Penela, na parroquia de Trabada, e no Val das Eguas, en Vidal, cun importe total de 55.000 euros. “Con estas actuacións damos comezo ás obras deste plan, co que conseguiremos mellorar os nosos camiños municipais”, explica o alcalde de Trabada, Rubén García.

Ambas dúas actuacións pódense levar a cabo gracias a que se conseguiron dúas subvencións solicitadas polo concello no marco do Plan de

Mellora de Camiños da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

**JOAQUÍN VELASCO.** Finalizaron tamén as obras de renovación de pavimento e os servizos na rúa Joaquín Velasco, na parroquia de Trabada. O alcalde, Rubén García, e as concelleiras Julia Barcia, María del Carmen Amor e Rosa Perez visitaron a rúa Joaquín Velasco para supervisar o remate da actuación.

“As obras consistiron na renovación do pavimento e a instalación de lousas de granito na parte central da rúa, ademais da renovación da rede de saneamento e da rede de abastecemento de auga”, explica o alcalde. Este proxecto supuxo un investimento de máis de 60.000 euros.

# O alcalde denuncia que a Xunta deixe sen médico ao concello

O Concello de Trabada vén de enviar un escrito á Xunta de Galicia reclamando que se cubra a praza do médico do centro de saúde, xa que o único facultativo que queda traballando no centro atópase agora mesmo de vacacións. Ademais, o alcalde Rubén García advirte que “a Xunta está preparando o camiño para deixar sen médico ó centro de saúde do municipio, despois de ternos quitado o segundo médico hai uns meses”.

O rexedor apunta que “a Xunta deixounos só cun médico ao non cubrir a praza do que se xubilou o ano pasado, e agora, o que queda, que se atopa agora mesmo de vacacións, tamén se vai xubilar proximamente”. A situación é “crítica no centro de saúde de Trabada, posto que nesta segunda quincena de agosto haberá un médico só 4 días de 9.00 a 13.00, e agora hai unha clara ameaza de que quedemos sen ningún profesional deste tipo”, lamenta.

García lembra que “Trabada é un concello cunha poboación envellecida e que aumenta conside-

rablemente a súa poboación no verán, polo que xa de por si un médico non é suficiente, e a situación é cada vez peor”. Dende o equipo de Goberno de Trabada “están moi preocupados, non se pode consentir esta situación”, engade o alcalde. No escrito enviado á Consellería de Sanidade sinálase que no mesmo día 19 de agosto, co comezo das vacacións do médico que non foron cubertas, “déronse catro urxencias, as cales non puideron ser atendidas por ningún profesional médico de familia”.

En tres casos “tiveron que esperar pola chegada dunha ambulancia e ser desprazados ata o Hospital da Costa de Burela, sen poder contar cun primeiro diagnóstico por parte dun profesional do centro de saúde de Trabada”, explícase no documento. Tamén se relata que “o cuarto caso foi trasladado por un familiar ata o centro de saúde de Ribadeo, dado que no centro máis preto ao que acudiu, que foi o de Lourenzá, o profesional que se encontraba neste centro non quixo atender esta urxencia”.

## EN BREVE

**FESTAS.** Fórnea prepárase para celebrar as súas festas na honra da Nosa Señora do Campo e Santo Estevo neste mes de setembro. A romaría comeza o venres 13 cunha cea a partir das 22.00 horas, cuxos tickets poden adquirirse antes do día 11 e un menú a base de paella mixta, codillo, sobremesa, viño, auga e café. A continuación haberá verbena, dende as 23.00 horas, con La Ola ADN e dúo Belinda. O sábado haberá misa, procesión e sesión vermú da man do grupo Lume que tamén amenizará a sesión da noite acompañado da disco móbil The Sound Project.

**MAQUINARIA.** O Concello adquiriu unha nova máquina fregadora aspiradora que axudará a ter nas mellores condicións posibles a pista do pavillón polideportivo municipal. As melloras continuarán neste pavillón nas próximas semanas, coa instalación por exemplo de novas redes nas porterías. No pavillón de Sante tamén se cambiaron as redes das porterías e instalouse unha nova canastra, dando continuidade ás melloras.

# Uns 100 participantes na primeira edición da ruta Voltiña a Sante



Trabada acolleu con grande éxito a primeira edición da Ruta de Sendeirismo Voltiña a Sante, un evento organizado pola Asociación de Veciños de Sante e a Asociación de Sendeirismo Trabada Paso a Paso. A actividade reuniu a máis de 104 participantes na andaina e case 160 persoas na gran paellada que se celebrou posteriormente.

Concello e asociación continúan co seu programa de rutas de sen-

deirismo e celebrarán a Ruta do Vento o vindeiro 22 de setembro. Esta ruta, de dificultade baixa e cun percorrido de 11 quilómetros, partirá ás 10:00 horas desde a praza do Concello.

Ao rematar a camiñada, todos os participantes poderán gozar dunha comida conxunta. Dado que as prazas son limitadas, é necesario inscribirse na actividade antes do 18 de setembro.

# O PP insiste na necesidade de rozar as marxes das estradas



O PP denuncia que a Deputación non completou os traballos de roza nas estradas provinciais, unha situación que o Partido Popular considera como un exemplo da “deficiente xestión” do goberno provincial liderado polo PSOE e o BNG. “Esta falta de mantemento non só ofrece unha mala imaxe do concello, senón que tamén pon en risco a seguridade dos usuarios destas vías”, din.

Os deputados populares Antonio Ameijide e José María Fernández, tamén voceiro do PP en Trabada, percorreron recentemente varias

destas estradas, como a LU-P-6102, LU-P-6103 e a LU-P-6104, onde comprobaron a falta de desbroce. Ambos coinciden en que esta situación transmite “unha imaxe de abandono”, mentres acusan ao goberno provincial de desinteresarse pola problemática.

Segundo os populares, a maleza que invade as cunetas e chega á calzada dificulta a visibilidade e incrementa o risco de accidentes, especialmente nas zonas con maior volume de tráfico, como as que se atopan preto das zonas de actividade agrícola.

## Licitan as obras de eficiencia enerxética das vivendas sociais

O Concello de Riotorto sacou a licitación o proxecto para a contratación da obra de mellora da eficiencia enerxética nas vivendas sociais da localidade.

Os traballos teñen un orzamento de 61.547,17 euros, ive incluído e un prazo de execución de dous meses e medio.

Fai varios anos que esta edificación está abandonada aínda que se renovou dous anos atrás a cuberta de lousa. Este edificio está dividido en dúas vivendas con entradas independentes. O estado da fachada require unha intervención urxente xa que conta con desconchóns e gretas.

Os traballos que se levarán a cabo



consisten na mellora da envolvente térmica dos edificios, concretamente do illamento en fachadas e cubertas, esta última xa executada. Tamén se ocuparán da mellora das condicións de seguridade, hixiene,

salubridade e confort, así como a renovación do sistema de calefacción actual, alimentado por combustible fósil, para utilizar la aerotermia. Tamén se fará a pintura da fachada.

## O PP esixe que se limpen as parcelas do polígono

Os deputados provinciais do Grupo Popular, Antonio Ameijide e Jesús Núñez, realizaron unha revisión de varias das zonas da provincia nas que consideran que a Deputación de Lugo debería de crear polígonos industriais, "espazos comprometidos con varios concellos trala sinatura de varios convenios" como en Riotorto. Asegura que na Deputación seguen negándose a asumir os compromisos adquiridos e que "mentres non se constrúen estes espazos industriais, o goberno provincial ignora o cumprimento das súas obrigas legais como son o mantemento das súas propiedades "néganse a limpar estas parcelas".

O Grupo Provincial Popular lembra tamén e unha vez máis a necesidade de actuar en moitas das vías da rede da Deputación de Lugo para garantir a seguridade dos usuarios tras unha visita recente a Riotorto na que participou o portavoz, Antonio Ameijide, e os deputados, Clemente Iglesias -alcalde do municipio- e José María Fernández.

Os deputados comparten as queixas dos veciños ante o mal estado de estradas coma a LU-P-4404 (Riocabo-As Rodrigas) ou LU-P-5504 (Muíño-novo-Santalla) ante o importante deterioro do firme con zonas nas que se suceden as fochancas e buratos. No primeiro caso, o seu mal estado ten provocado o cambio de trazado na baixada de carrilanas que se celebraba por Espasande de Arriba. Ameijide subliña que "esta situación de abandono" por parte do goberno de PSOE e BNG" contrasta co bo estado das estradas municipais.

## Ofertan os programas de atención ás mulleres e de apoio escolar

Desde o Concello lembran que a veciñanza conta cun punto de información para mulleres, servizo que presta o Centro de Información ás Mulleres de Mondoñedo. Deste modo, a casa consistorial recibe un mércores cada quince días a unha psicóloga que atende en horario de 11.30 a 13.30 horas.

Este servizo organízase en aplicación do convenio de colaboración do 2018 entre os dous concellos. Trátase dun departamento municipal que ten como obxectivo favo-

recer e impulsar a participación da muller, en igualdade de condicións, na vida política, social e económica da localidade. Ofrecen asesoramento xurídico e apoio psicolóxico, axuda en casos de violencia de xénero, emprego, formación e fomento da igualdade.

O Concello acolle tamén un programa de educación e apoio familiar. O servizo, que conta cunha educadora familiar, poñerase en marcha todos os martes de 9.00 a 14.00 horas na 2ª planta do concello.

## Os veciños de Órrea celebran un xantar e unha ruta o 15 deste mes

A Asociación de Veciños de Santa Comba da Órrea celebrará este domingo 15 de setembro unha ruta polos regos e fontes da localidade. Partirase do campo da Eirexa ás 10.30 horas.

A maiores haberá unha comida veciñal no campo da festa a partir das 14.00 horas, con carpa incluída.

Para amenizar esta velada cóntase coa actuación do grupo Erikas e Peluxías, ademais dunha serie de xogos populares e tradicionais.

Tanto o xantar como a ruta son

actividades independentes e pode participar en calquera delas por separado.

Os interesados en participar no xantar poden mercar os tickets na taberna de Montse ata o xoves día 10 a un prezo de 25 euros, sendo de 17 euros para os menores de 10 anos.

O menú consistirá en ensaladilla, empanadillas e croquetas, ademais de tenreira guisada con patacas, tarta de Santiago, viño tinto, auga, gaseosa e café.

## Comeza o proceso de licitación da futura residencia de maiores

O portal de contratación da Xunta publicou a licitación para a construción da residencia de maiores do concello de Riotorto, un dos investimentos máis importantes en infraestruturas sociais da localidade, xa que terá un orzamento total de 1.768.930,24 euros e será financiado cos Fondos europeos Next Generation, a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

A nova residencia de maiores contará con 37 prazas, con instalacións deseñadas para garantir unha contorna cómoda e adaptada ás necesidades das persoas da terceira idade. A obra será executada conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto Manuel Eduardo López Vázquez e a enxeñeira de

camiños, canles e portos Belinda Yepes Jiménez, quen traballou no desenvolvemento das especificacións técnicas para o edificio.

O orzamento é de 1.768.930,24 euros, e o prazo máximo de execución de 13 meses a partir da data de inicio. Este período comezará unha vez que se asine a acta de comprobación de reformulo, un documento que se emite tras a formalización do contrato coa empresa adjudicataria, e non poderá exceder dun mes desde a devandita formalización.

O proceso de licitación será levado a cabo mediante un procedemento aberto simplificado, o que significa que calquera empresa interesada poderá presentar a súa oferta nun prazo de 20 días naturais.

### CENTENARIA



Riotorto conta cunha nova centenaria, trátase de Alicia Cabo Rodríguez que celebrou o seu centenario. A familia da veciña de Riotorto fixo unha festa para conmemorar a data e por parte do Concello recibiu un agasallo, consistente nunha placa de prata.

## Abre o prazo de solicitude das súas axudas para libros de texto

O Concello mantén aberto o prazo de solicitude das súas axudas para libros de texto e material escolar para alumnado matriculado en segundo ciclo de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria ou educación especial. Para ter dereito precisan estar matriculados meses cursos e que todos os membros fa familia se encontren empadroados no municipio cunha antigüidade mínima de 3 meses. Estar ao corrente no cumprimento das obriga coa Axencia Tributaria,

co Concello e coa Seguridade Social e que a renda per cápita da unidade familiar non supere os 10.000 euros. O prazo remata o 18 de setembro e a documentación entregárase en Servizos Sociais. Concretamente precisa, o DNI do solicitante e dos membros, libro de familia, declaración da renda do 2023, certificado da conta bancaria, de matrícula e de estar ao corrente das obrigas tributarias. A solicitude encóntrase na sede electrónica do Concello de Oroul.

## O PP acusa ao Goberno local de só executar o 70 % do investimento

O Partido Popular de Lourenzá emitiu unha dura crítica contra a xestión do Goberno local socialista, acusándoo de executar só o 70 % dos investimentos previstos para o ano 2023, o que representa un 15 % do total do orzamento municipal. Ademais, os populares denuncian que as asociacións do municipio recibiron unicamente a metade das axudas recollidas no orzamento.

Desde o PP, instan ao Goberno do PSOE a mellorar a xestión dos recursos do Concello e a garantir un sistema máis eficaz para a concesión de axudas ás entidades asociativas, co fin de que poidan desenvolver as súas actividades de maneira adecuada. Estas críticas están baseadas na análise da conta xeral do exercicio 2023, que estará exposta ao público durante 15 días hábiles.

Os concelleiros populares tamén subliñan a existencia de débedas por distintos créditos, a pesar de que o Concello dispón de remanentes. Aseguran que, malia contar con liquidez, o goberno local tarda unha media de 61 días en pagar aos provedores. Ademais, alertan dunha diminución de 98.000 euros nos remanentes en comparación co ano anterior, o que consideran un indicador de que “o Concello non é sostible”.

Ademaos, os concelleiros do PP condenan “a falta de interese” do goberno municipal por mellorar e acondicionar os espazos públicos, limpar e reparar o mobiliario urbano, que se evidencia en “farolas rotas ou tiradas dende fai anos, baldosas levantadas que poden supoñer riscos de posibles caídas nas beirarrúas, bancos deteriorados, etc.”.

Os populares advirten “do absoluto



pasotismo” do goberno socialista ao respecto cando no último pleno a resposta a unha pregunta dos concelleiros do PP sobre estas melloras “pendentes dende fai meses nalgúns casos e, incluso, anos noutros casos” foi “o silencio: nin un si, nin un non, nin sequera un xa veremos”.

**ESTRADAS.** O mantemento das estradas provinciais segue a ser unha das tarefas pendentes para PSOE e BNG no goberno provincial e un novo exemplo é a LU-P-2804, en Lourenzá, unha estrada é moi empregada polos laurentinos xa que comunica este municipio con Mondoñedo. O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, xunto aos concelleiros do PP en Lourenzá, Roberto Díaz e Sandra Gómez, e veciños comprobaron “o enorme perigo” que presenta esta estrada ao seu paso polo lugar de Mogo-A Cazolga.

Neste punto, unha das marxes da estrada é un terraplén ao río Masma “unha caída de máis de 20 metros sen ningún tipo de medida de seguridade”. “Non hai ningunha bionda, varanda ou calquera elemento que impida que calquera vehículo caia

polo talud con terribles consecuencias”, lamentaron.

Alegan que a maleza das cunetas invade, na maior parte dos casos, a calzada dificultando a visibilidade e poñendo en risco aos usuarios, especialmente en zonas onde se incrementa o volume de tráfico. É o caso de zonas turísticas da provincia coma A Mariña ou a Ribeira Sacra e tamén doutras que con motivo das patronais reciben máis visitantes.

Tamén reclamou actuacións na LU-P-2803. Ameijide realizou unha inspección na zona, constatando o mal estado da estrada que conecta Santo Tomé con Lindín. Segundo Ameijide, a LU-P-2803 é unha vía moi transitada, xa que conecta varios núcleos de poboación e forma parte do Camiño do Norte, unha ruta cada vez máis popular entre os peregrinos. A preocupación dos populares céntrase na estreiteza da estrada en moitos tramos, situación agravada pola falta de roza da maleza, o que reduce aínda máis o espazo.

Subliñaron a necesidade urgente de mellorar a seguridade, propoñendo a creación dunha senda peonil segregada nos puntos máis críticos.

## Convocada a cuarta edición da Feira do Cabalo o 27 de outubro

A cuarta Feira do Cabalo de Lourenzá chega ao municipio no mes de outubro. O Concello e a asociación Cabaleiros de Lourenzá programan unha nova convocatoria da cita o 27 de outubro. Polo momento, aínda non se presentou o programa, pero están confirmadas carreiras aparelladas de +1,51 e -1,51 e carreiras aparelladas CMG. Ademais, na propia feira entregarán premios ao míster e miss cabalo de tiro, ao míster e miss árabe, ao míster e miss español, ao míster e miss frisón, ao mellor cabalo engalanado ao xeito tradicional e ao maior número de cabezas de gando vacún.

A última edición, malia as inclemencias meteorolóxicas, conseguiu reunir un bo número de participantes e de público no concello, onde se



concentraron xinetes das provincias de Lugo, A Coruña e Pontevedra. No mercado tamén se concentraron un bo número de cabezas e celebrouse a final do campionato galego oficial de concurso morfolóxico do cabalo de pura raza galega.

### EN BREVE

**FESTAS.** Santo Tomé organiza as Festas na honra a San Antonio e Santo Tomás dende o venres día 20. Comezarán cunha cea a base de polbo e churrasco para toda a veciñanza a partir das 21.00 horas. Ademais, os asistentes poderán gozar a continuación da verbena con Acordes e o dúo Matices. O programa continúa o sábado con misa solemne, procesión, seguida de sesión vermú con D'Noche. A formación será a encargada de amenizar a verbena, acompañada polo grupo Fusiión, dende as 22.30 horas da noite. O domingo haberá de novo misa solemne e procesión, que virá seguida de sesión vermú coa orquestra Dinastía.

**RISCOS LABORAIS.** O SLG organiza unha xornada de prevención de riscos laborais. A cita será o martes día 10 de setembro a partir das 16.00 horas no multiusos Ponte de Cuiñas, no recinto feiral do municipio. Está organizada polo Sindicato Labrego Galego e incluírá as novidades na cotización da seguridade social e tamén se tratarán as obrigas das persoas autónomas agrarias. A xornada de prevención de riscos laborais serve para informar e formar aos traballadores, empresarios e outras partes interesadas sobre as mellores prácticas para evitar accidentes e enfermidades no lugar de traballo. Son esenciais para mellorar a seguridade e saúde no lugar de traballo.

### ourol

## A parroquia do Sixto está de festa

O Sixto celebra a Festa a honra á Virxe dos Remedios. A romaría será o sábado día 14 de setembro. Haberá misa solemne dende as 13.00 horas e procesión, seguida de sesión vermú co dúo Caramelo. Ademais a gastronomía tamén será protagonista na xornada.

A partir das 15.00 horas os asistentes poderán gozar dun xantar popular por un prezo de 28 euros con callos, churrasco de porco, chourizo, patacas, sobremesa e café. Á noite seguirá a celebración cunha gran verbena da man do dúo Caramelo e D' Caché.

## O Concello estrea páxina web

O Concello estrea unha páxina web, cuxa principal finalidade é mellorar a comunicación coa veciñanza e proporcionar un acceso rápido e sinxelo aos servizos municipais e á información dispoñible. A antiga páxina, que levaba case dez anos sen actualizarse, quedábase curta en termos de seguridade e deseño.

A nova web destaca pola súa seguridade, axilidade e facilidade de navegación para calquera usuario e desde calquera dispositivo, xa sexa ordenador, tableta ou *smartphone*. A páxina implementa as últimas tecnoloxías e permite aos usuarios

acceder á información que máis lles interesa con poucos clics.

Entre as novas funcionalidades, a páxina web inclúe mapas interactivos e un directorio de lugares e servizos. Ademais, ofrece información actualizada sobre a oferta turística e o patrimonio do concello. Na elaboración do portal prestaron especial atención ao deseño, á programación e á estrutura de contidos, asegurando que toda a información estea correctamente recollida e segura. Os veciños e interesados poden acceder a través da dirección: <https://concellodeourol.es/es/>.



**CENTENARIA.** A veciña do barrio laurentino da Cazolga Josefa vive na Cazolga cun fillo e goza de moi boa saúde e memoria. González celebrou que cumpriu 100 anos na súa casa, acompañada de 40 persoas da súa familia. Ten 4 fillos, 4 netos, 6 bisnetos e 5 irmáns vivos dos 9 que foron.

# COLABORACIÓNS

## Bicos con pan

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**C**apido que foi cousa dun ano antes da miña voda cando souben que ía casar. Tamén era abril, unha tarde solleira, paramos en Lourenzá tomar un café antes de tirar cara Meira, íamos mirar un todo terreo de segunda man, que resultou ser dun gandeiro dono dun taller e efectivamente, non acabou sendo noso. Pouco despois de chegar á ubicación na que se atopaba o taller decateime do moito que me ía aburrir, axiña souben que outras aventuras estaban a agardar por min na vila veciña. Collín o coche e aparquei no que crín que sería o centro do pobo. Había vida, recoñecín establecementos con sona ata na costa e seguín camiñando ata que chamou a miña atención un cartel manuscrito no cristal dunha carnicería, cuxos en venda, estiven por chamar, ben seguro era dunha casa na que había estar bo o requeixo. No canto diso, entrei na librería, atopei prezos esaxeradamente baixos e prometínme volver. No segundo bar ao que fun atopeime cómoda, unha terraza ao cuberto dunha brisa suave que soprou aquel día. Catro homes falaban alto, anima-

dos polo que tiñan na mesa, e quizais polo que xa beberan antes de eu chegar. Un deles tomou a voz cantante, comezou a mencionar títulos de libros que forman parte da miña biblioteca e fíquei moi sorprendida, malia non deber facelo, escoitaba atenta. Non puxen a gravadora porque os tiña ao carón, pero comecei a tomar notas no iPhone, así tamén tiña marxe para ficcionar as partes que non alcanzaba a escoitar.

O home que máis falaba deducín que era Catedrático en Santiago, cunha relación moi de preto coa autora A., dela dixo que era admirable ideoloxicamente, aínda que máis sectaria co marido. Seica fixo á súa imaxe e semellanza a personaxe dunha das súas novelas, a que publicou en plena crise de 2008, iso que estaba a aprender valía moito para min. Os que me coñecedes, e os que non, estades a percataros da fascinación que eu sentía nese momento. Estaba sentada ao carón dun crítico literario, amigo dunha das autoras máis e mellor recoñecidas deste século. Con ela contou que voara de Madrid a Xenebra, e iso fíxolle lembrar a súa primeira vez en Suíza. Falaba de E. Ballester, de Delibes, de Luis Mateo Díez... dicía que quedaban sete ou oito aos que cabía mencionar, pero o que sentía por ela, era algo similar ao que estaba eu a experimentar, non paraba de repetir que era unha muller moi

coherente, que nunca renunciara aos seus ideais. Non podo lembrar, nin din anotado naquel momento o motivo da viaxe que compartiron a Suíza, ben seguro un premio. Isto, coma moito máis, será parte do meu imaxinario individual.

Voltara de vello, pero xa fora no 1969 por primeira vez. Daquela quería estudar alemán, ao chegar á fronteira atopouse co Canario, ao mencionalo os tres homes riron, cómplices. Coñecían ben. Describiu unha ringleira longa de xente amoreada que quería entrar, todos eles coas mans cheas de papeis, cando tiña seis ou sete diante veulle a culpa. Non se podía entrar no país sen contrato de traballo. Naquel mesmo intre aprendeu que non sempre era bo contala verdade, iso díxoo el, palabra por palabra, eu só podo dar fe. Correu ata subirse a un tren do que axiña o baixaron, emparellado por dous policías. Estaba detido na fronteira. Devolvéronlle o pasaporte, False Tourist, podía lerse agora nel. Non tiña saída, decidiu baixar na primeira estación de tren, lembra que foi en Velgard, a 100Km de Suíza. Durmiu nun banco da estación, con dúas mil pesetas no peto e prometeullas aos primeiros que atopou a cambio de que o pasasen a Suíza. Foi un arxelino nun coche con matrícula fronteiriza. Comezou nunha pastelería con freiduría de polos, así como les. Seica o

O RECUNCHO DE CANELINA




contrataron de palabra, chufa que facía as cousas moi ben, o xefe converteuse no recadeiro e enviouno á oficina central, en vistas de que era unha boa persoa, aconsellouno así: Dígalle á policía que perdeu os papeis, é moito máis doado iso que que lles diga a verdade. Neses medios, tivo noticias do Canario. Tiña que volver a Galicia casar, daquela xa voltaron en tren, ao chegar a Madrid aconteceu algo que prefería non ter escoitado. Pero era o prezo a pagar por estar a vivir aquilo,

“O Canario chimpou no ascensor cunha famosísima A.O.” Alí en Meira, eu escoitei o nome e o apelido da que segue a protagonizar portadas de revista, pero nunca sacou ao Canario con ela. Dixo que esa historia lla fixo repetir a autora en Neuchatel, e confía en que foi fonte de inspiración para crear á súa Lulú. Nunca máis quixo escribir nada igual, porque o marido logo de lela e antes de conquistala só atinou a dicirlle “No te puedo decir más, solo la he podido leer con una mano.”

## A Novena

CULTURA



Rebeca Maseda

**P**enso que hai poucas persoas criadas no mundo occidental que non saiban a que nos referimos cando falamos da Novena, si, esa magnánima sinfonía de Beethoven. Un xenio creador do xénero que coñecemos como ‘música clásica’, e tamén un home algo malhumorado, din algúns/algúnhas...

Nado na cidade alemá de Bonn no ano 1770, é un dos máis grandes compositores da historia da música occidental sen discusión algunha. Cultivou diversos xéneros -sonatas para piano, cuartetos de corda, etc.-, pero o seu ciclo de nove sinfonías é un fito non só no ámbito musical, senón no artístico en xeral.

Ludwig tiña moito traballo antes da estrea da súa Novena Sinfonía o 7 de

maio de 1824. A obra era esperada con impaciencia en Viena. Os copistas traballaban a toda máquina para reproducir a partitura manuscrita para a interpretación. Beethoven non só supervisaba o traballo, senón que tamén se ocupaba de atopar músicos, cantantes e un lugar axeitado para o concerto. “O público adoita ver a Beethoven como un xenio solitario que crea obras magníficas por si só, cando en realidade traballaba cun gran equipo”, di Beate Angelika Kraus, musicóloga do Arquivo Beethoven no departamento de investigación da Casa Beethoven en Bonn.

Como fito na historia da música e símbolo da cultura occidental e da humanidade, o manuscrito orixinal da Novena Sinfonía forma parte da ‘Memory of the World Register’ da UNESCO desde 2001. Nesta última sinfonía completada polo compositor, Beethoven utilizou un coro, algo que nunca antes se fixera nunha obra sinfónica. Con case 70 minutos,



a Novena Sinfonía é tamén excepcionalmente longa. O famoso coro final co ‘Himno á alegría’ representa a paz e o entendemento internacional. A versión instrumental converteuse no himno do Consello de Europa en 1972 e é o himno oficial da Unión Europea desde 1985. A melodía do texto “Freude schöner Götterfunken” é hoxe coñecida en todo o mundo. Por iso, a obra é unha contribución ao ‘diálogo cultural internacional’,

segundo a Unesco.

A directora de orquestra ucraína Oksana Lyniv dirixiu a Novena un día despois do ataque ruso a Kiev e Járkov en febreiro de 2022. Para ela, algunhas pasaxes do poema de Friedrich Schiller son especialmente conmovedoras, como por exemplo cando di: ‘Todos os homes convértese en irmáns’.

A Novena foi planeada durante moito tempo, de feito o primeiro esbozo que se coñece data de 1815. Durante a vida de Beethoven interpretouse doce veces e creou máis dunha versión. A Novena interpretada na estrea era unha versión temperá e diferente da que enviou ao seu editor ou da partitura para o rei de Prusia, a quen Beethoven finalmente lle dedicou a obra.

A sinfonía foi un encargo da Sociedade Filarmónica de Londres, polo que a estrea se programou -como era de esperar- en Inglaterra. Nese momento, 30 ‘amigos da arte’ pedíronlle a

Beethoven que interpretase primeiro as súas últimas obras en Viena, así que as presentou nunha serie de concertos coñecidos por aquel entón como “Akademien”. O 7 de maio de 1824, no Teatro da Corte de Viena, na Kärntnertor, o compositor interpretou na Akademie -ademais da estrea da Novena Sinfonía Op. 125- outras obras, entre elas tres partes da Misa solemnis Op. 123 e a abertura “Die Weihe deas Hauses” Op. 124. Naquela época ninguén asistía a un concerto que só durase unha hora ou que só incluíse unha única obra. No momento da estrea, Beethoven sufría unha perda auditiva grave. Malia diso, foi quen de marcar o ritmo.

Francamente non podo evitar emocionarme cada vez que escoito e/ou interpreto esta música tan increíble, alucinando coa destreza deste señor para construír un templo partindo dunha pedra, si, refinada e fermosa, pero unha ao fin e ao cabo. Aos seus pés Don Ludovico!



# DEPUTACIÓN

## Aprobados 41 proxectos de medio ambiente das Reservas da Biosfera

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a listaxe definitiva das entidades sen ánimo de lucro que resultaron beneficiarias da liña de axudas de concorrencia competitiva que convoca a institución provincial para desenvolver proxectos medioambientais nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. En concreto, son 110.000 euros para desenvolver 41 iniciativas que porán en valor o patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Así o anunciou na rolda de prensa o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

Rivera Capón informou que “destinamos un total de 60.000 euros para 28 proxectos que se realizarán na Reserva Terras do Miño e 50.000 euros para desenvolver 13 actuacións na Reserva dos Ancares Lucenses”. Así mesmo, o Deputado sinalou que esta é a cuarta convocatoria desta liña de axudas que puxo en marcha a institución provincial o pasado mandato e subliñou que “da man de entidades asociativas asentadas nestes territorios contribuímos a coidar

e preservar o medio ambiente, ao mesmo tempo que impulsamos o seu desenvolvemento social e económico da maneira sostible”.

Pablo Rivera afirmou que estas axudas van desde o 1.000 ata os 7.000 e puxo en valor o éxito desta convocatoria “que nos levou a incrementar hai un ano o orzamento nun 30%, ata alcanzar os 110.000 euros, o que nos permite desenvolver máis iniciativas que continúen dinamizando as Reservas da Biosfera”.

Alguns dos proxectos que se van levar a cabo grazas a estas axudas son: un programa de educación ambiental para persoas con diversidade funcional, que realizará a asociación Capaces Lugo; unha xornada de micoloxía e diversos obradoiros sobre plantas silvestres e medicinais da man da Asociación de Veciños da Parroquia de Santiago de Sancovade (Vilalba); ou labores de mantemento de rutas de sendeirismo a través da Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde, entre outras actuacións.

O deputado provincial tamén puxo en valor o esforzo que realizamos a institución provincial para impulsar

e potenciar estes territorios “un traballo que, por suposto, facemos da man das entidades e dos colectivos relacionados con este ámbito, porque somos plenamente conscientes da súa importancia para dinamizar a actividade social, cultural e económica das Reservas da Biosfera”, avanzou.

**APREVAR.** Noutra orde de asuntos, a Xunta de Goberno sacou tamén adiante un acordo coa Asociación Provincial de Reparación e Venda de Automóviles e Recambios (Aprevar), mediante o cal a Deputación achegará a esta entidade un total de 35.000 euros para colaborar cun proxecto de formación semipresencial.

Pablo Rivera comentou que “Aprevar porá en marcha un plan formativo dirixido a traballadores ocupados da provincia no que se incluírán accións de aprendizaxe relacionadas con este sector, no que constantemente se producen innovacións tecnolóxicas. Ademais, con esta iniciativa, contribuímos a mellorar a cualificación dos profesionais, fomentando así a competitividade e a modernización das empresas da provincia”.



## Un convenio achega á Feafes 34.000 euros

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou co presidente da Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (FEAFES), Manuel Fernández Prado, un convenio mediante o cal a institución provincial achega 34.000 euros para colaborar co programa de intermediación laboral e prácticas laborais que ofrece FEAFES.

Esta iniciativa vai dirixida ás persoas que padecen problemas de saúde mental, un colectivo que sofre importantes dificultades para acceder ao mundo empresarial. Este proxecto pon a disposición dos usuarios e usuarias un servizo de inserción laboral específico que ten en conta as súas características e dificultades e que se centra principalmente na intermediación laboral e na realización de prácticas.

O obxectivo é tratar de promover o desenvolvemento profesional das

persoas con problemas de saúde mental a través da aprendizaxe en situacións laborais reais.

Nesta liña, FEAFES Galicia pretende por unha banda, detectar e crear novas posibilidades de ocupación que faciliten o acceso deste colectivo ao mercado laboral, ao tempo que trata de eliminar os prexuízos existentes na sociedade sobre as capacidades profesionais e produtivas das persoas con problemas de saúde mental.

Concretamente, a través desta achega económica que realiza a Deputación de Lugo FEAFES contratará a un profesional que realizará tarefas de prospección no mercado de traballo para persoas que padecen problemas de saúde mental que residan na provincia de Lugo. Ademais, esta colaboración tamén permitirá a inserción laboral de persoas que padecen problemas de saúde mental a través dunha bolsa de prácticas.

## A Vicepresidencia crea Marela!, un programa de impulso da raza Rubia

A Vicepresidencia presentou Marela!, un novo programa para a promoción e potenciación das reproductoras inscritas da Raza Rubia Galega nas explotacións da provincia de Lugo.

O deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García foi o encargado de detallar este programa que nace co obxectivo de promover o desenvolvemento do sector gandeiro, como sector estratéxico da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real de poboación no medio rural.

Marela! conta cun orzamento de 200.000 euros e beneficiará a 500 animais con axudas unitarias de 400 por animal, cun límite máximo de 6 animais por granxa que cumpren cos criterios establecidos nas bases. As bases serán publicadas o luns 2 de setembro.

Daniel García explicou que “con Marela! queremos apoiar a un sector que leva sendo castigado de xeito histórico e recorrente nos últimos



anos, e máis recentemente durante a pandemia da COVID, a crise da guerra de Ucraína pola suba dos conxuntos dos elementos que forman parte do proceso produtivo, a excesiva burocratización na tramitación das axudas da nova PAC e recente elevadísima incidencia da EHE e da lingua azul nos animais das ganderías”.

Poden ser beneficiarias tanto as persoas físicas como xurídicas, titulares de explotacións gandeiras da

provincia de Lugo, que críen animais bovinos de pura raza Rubia Galega, sempre que posúan al menos unha femia reproductora desta raza, nadas nas propias granxas, que pasara o Rexistro Definitivo do seu Libro Xenealóxico durante o pasado 2023. Os animais beneficiarios da axuda deben permanecer polo menos durante 3 anos na granxa do titular solicitante, con posibilidade de subrogación dos dereitos.

## Renovan o servizo contra incendios nos edificios da Deputación

O Goberno provincial aprobou a adjudicación dun novo contrato para a prestación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos seus edificios. Así o anunciou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, quen detallou que este contrato, cun importe de máis de 100.000 euros, foi adjudicado á empresa CLECE FS e terá unha duración inicial de dous anos, prorrogables por outros dous.

Segundo explicou Pablo Rivera, “este servizo ten como obxectivo garantir a seguridade dos traballadores, usuarios e veciños, mediante a aplicación de medidas de mantemento preventivo, correctivo e

técnico en todas as instalacións dos centros provinciais”. Entre as tarefas que se levarán a cabo atópanse a revisión, reparación e control de equipos esenciais como extintores, bocas de incendio, hidrantes, sistemas de detección e alarma, así como sistemas de control de fume e calor.

O deputado destacou que este novo contrato “reflicte o compromiso da Deputación de Lugo coa seguridade e protección nos seus edificios, asegurando que as instalacións estean en condicións óptimas e cumpran coa normativa vixente”. Ademais das actividades de mantemento, o contrato inclúe un plan de formación teórica e práctica para o persoal dos centros.

## MAR

## Unha percebeira mariñá doa ao Museo do Mar as súas ferramentas



O Museo Provincial do Mar, en Cervo, acolle cinco novos elementos que serviron como ferramentas de traballo a María del Carmen del Río Martínez, percebeira en Rinlo, Ribadeo. A doante, que participou na mostra Mariñas, Marosas e Maruxainas que contaba a historia de 16 traballadoras do mar e da terra, unha por cada concello da Mariña, permite así coñecer o seu oficio a todas as persoas que visiten o espazo provincial.

O material está formado por cinco elementos. Por unha banda están tres utensilios como dispondas e o gancho para coller o percebe e, por outro están o gancho e o saco que se atan á cintura para a recollida deste crustáceo. Esta doazón ven a complementar o traballo das fotografías, asinadas por Germán Limeres, Xosé Reigosa, Ignacio Castro "Nachok" e Lucía Sánchez, que amosan o paso do tempo polas facianas e as mans de pescantinas, redeiras, mariscadores, percebeiras, empregadas de conserveiras,

taberneiras ou labregas.

O deputado de Rural, Mar e Mocidade Daniel García celebrou esta nova doazón que "nos permite coñecer máis sobre a nosa historia e a vida de mulleres mariñás que deixaron pegada no presente. Con pezas coma esta complementamos a narrativa de xénero e sumamos un novo proxecto á memoria histórica".

Tamén se inaugurou a mostra "Conservas da memoria", unha proposta artística realizada da man da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Burela e Viveiro (AFAN) e as súas usuarias e usuarios. A mostra conta con 25 latas de conserva nas que mulleres e homes plasmaron a súa historia a través de imaxes e debuxos. Conservas da memoria poderá visitarse no Museo do Mar ata o Día Mundial do Alzheimer, 21 de setembro, e que permitirá concienciar sobre esta doenza que afecta a un gran número de poboación maior de 60 anos.

## Expomar prepara o 20 aniversario nun escenario renovado

O Padroado da Fundación Expomar reuniuse na última semana de agosto coa mirada posta na súa grande cita do vindeiro ano: o vixésimo aniversario da feira monográfica Expomar, que celebrará co obxectivo de volver a converter Burela na capital do mundo do mar durante uns días e superar os récords de superficie de exposición e participantes da anterior edición.

Como xa é habitual, de forma paralela á feira celebraranse as Xornadas Técnicas e o Encontro Empresarial de Organizacións Pesqueiras, que cumpriran as súas 32ª e 26ª edicións, respectivamente, e que reúnen cada ano aos profesionais e entidades máis representativas do sector pesqueiro a nivel nacional e onde se debaterá sobre o futuro do sector pesqueiro, abordando como sempre os retos e dificultades do momento na pesca.

Unha das grandes novidades da próxima feira será o seu xa clásico escenario, na nave de redes do porto de Burela, na que este verán comezaron os traballos de mellora e renovación da súa estrutura grazas á iniciativa da Confraría de Pescadores de Burela e Portos de Galicia. Deste xeito, a feira Expomar celebrará o seu vixésimo aniversario nunha nave recentemente restaurada e perfectamente acondicionada para acoller este tipo de eventos.



Na reunión desta semana o Padroado de Expomar tamén aprobou as contas do pasado exercicio 2023, que se saldaron con resultado positivo despois de celebrar as feiras Expomar e Produart, e outras actividades destacadas como o primeiro Día do Orgullo Mariñeiro.

A xerencia deu conta das diferentes accións realizadas no que vai de ano 2024, como foron as Xornadas Técnicas e Encontro Empresarial de Expomar en maio e a feira Produart neste mesmo mes de agosto.

Así mesmo, tamén se programaron o resto de actuacións que se van levar a cabo no segundo semestre deste ano, entre os que destaca a continuada aposta pola promoción do turismo mariñeiro. De feito a Fundación Expomar é unha das entidades promotoras da creación da "Rede Nacional de Turismo Pes-

queiro", que se presentou a finais do pasado ano.

"Esta iniciativa inclúe a promoción e divulgación sobre as actividades da pesca e os seus oficios, con rutas e propostas socioculturais, visitas a lonxas, barrios mariñeiros, portos, faros ou museos; e seguro que axudará a promocionar aínda máis Burela dentro do mapa turístico nacional, apoiando a comercio, hostalería e aloxamentos mariñeiros", comenta Ramiro Fernández, concelleiro de Mar e Turismo do Concello de Burela.

Entre as accións previstas para os próximos meses destaca a presenza en misión comercial na Feira Conxemar, que se celebrará os primeiros días de outubro en Vigo; e unha nova participación a comezos de novembro na Feira Expomar de Cabo Verde.

## Procederán á estabilización do peirao da lonxa no porto do Vicedo

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, realizará os traballos de estabilización do peirao da lonxa no porto do Vicedo. Así o anunciou o concelleiro do Mar, Alfonso Villares, durante unha visita á zona na que estivo acompañado polo presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez.

Villares explicou que a intervención prevista se realizará en dúas fases. A primeira fase, que xa comezou, centrarase no asentamento do peirao, que sufriu unha perda de material na base, provocando a aparición dunha fenda na superficie. Esta fase inicial dos traballos, que ten un custo estimado de 25.000 euros, busca recalzar e estabilizar a estrutura.

Unha vez completada esta primeira fase, realizarase un seguimento da fenda para avaliar a estabilización



definitiva do peirao. Cando se confirme que o peirao está asentado, procederase á pavimentación da súa superficie, incluíndo tamén parte do vial de entrada ao porto. Esta segunda fase contará cun investimento aproximado de 30.000 euros.

Ademais, os traballos de mellora do

porto do Vicedo incluírán a reparación das pezas metálicas laterais de protección do peirao, que se atopan deterioradas pola acción do mar. Estas obras son parte do compromiso da Consellería do Mar para garantir a seguridade e a funcionalidade das infraestruturas portuarias na zona.

### MARIÑEIROS XUBILADOS



O concelleiro do Mar, Alfonso Villares, mantivo un encontro con representantes da Asociación de Mariñeiros Xubilados da Moncloa de Burela para estudar posibles vías de colaboración entre este colectivo e a Consellería do Mar. Na reunión, tivo lugar na sede da entidade, o responsable autonómico puido coñecer a colección de imaxes en posesión desta asociación entorno á historia da industria pesqueira burelense así como aparellos e utensilios de diferentes embarcacións que serven de testemuñas da evolución tecnolóxica que viviu a pesca nas últimas décadas.

# Remata a ampliación de prazas de amarre no porto de Celeiro

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, remata as obras de ampliación de prazas de amarre no porto de Celeiro. A intervención, que supuxo un investimento de 650.000 euros por parte da Xunta de Galicia, foi anunciada polo conselleiro do Mar, Alfonso Villares, durante unha visita ás novas instalacións.

Acompañado polo presidente de Portos de Galicia, José Antonio Álvarez, e pola directora territorial de Mar, Mariña Gueimunde, Villares supervisou a finalización dos traballos que permitirán dotar ao porto de 70 novas prazas de atracada para embarcacións profesionais e recreativas. Estas obras incluíron a instalación de molles flotantes e a recolocación dun dos peiraos deportivos xa existentes, co obxectivo de dar cobertura ás necesidades tanto da frota profesional (3ª lista) como da náutica de recreo (7ª lista).

En concreto, para a frota profesional habilitáronse 18 novas prazas para embarcacións de entre 8 e 14 metros de eslora, situadas na marxe sur da dársena, xunto aos peiraos de descarga. En canto ás embarcacións de recreo, habilitáronse 52 prazas de 6 metros na marxe este da dársena, con acceso independente para os dous peiraos deportivos. Ademais, foi necesaria a recolocación dun dos molles deportivos actuais para



garantir a maniobrabilidade das embarcacións profesionais. O conselleiro do Mar tamén informou de que actualmente se está procedendo á asignación das prazas de amarre en coordinación cos usuarios dos peiraos, polo que se espera que as novas instalacións entren en servizo nos vindeiros días.

**NAVE DE REDES.** Portos de Galicia vén de outorgar á Confraría de Pescadores de Celeiro unha concesión administrativa para a explotación do edificio da nave de reparación de redes de cerco, situado en dominio público portuario. A concesión contempla a continuidade desta actividade que xa se viña desenvolvendo por 4 anos máis.

O título administrativo outorgado á Confraría de Pescadores de Celeiro contempla a aplicación do artigo 40 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. En base a el contempla unha bonificación do 95 % das taxas por ocupación de dominio público por construción ou explotación de nave de redes que prestan servizo xeral aos usuarios do porto. Deste xeito, a Confraría de Pescadores de Celeiro abonará só o 5 % das taxas por uso privativo dunha infraestrutura de dominio público portuario, co que abonará un total de 200 euros ao ano polo uso pola ocupación dunha nave de máis de 270 metros.

# Burela recibe 41.000 euros para mellorar o servizo nas praias

O Concello de Burela vén de recibir 41.449,40 euros por medio da subvención a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno de España. Esta subvención para a mellora dos servizos das praias provén dos fondos NextGenerationEU da Unión Europea, e supón o 90% do orzamento total das obras, cifrado en 41.449,40 euros.

A axuda serviu para a construción dunha nova caseta que inclúe o pos-

to de socorrismo e uns baños públicos, que foi inaugurada nos últimos días. “Estamos moi contentos co resultado, e seguiremos traballando nesta liña de mellorar servizos, e mellorar a imaxe da vila”, destaca o edil. “A veciñanza presente cando se estaba facendo a instalación da nova caseta xa nos trasladou a súa satisfacción”, engade. Fernández Rey concluíu sinalando que dende o Concello agardan “que a xente coide a nova caseta e faga uso dela dunha forma axeitada”.

## PESCA RECREATIVA



A asociación de Pesca Recreativa Burela celebrou a súa primeira comida de fraternidade. A cita coincidiu coa tempada alta de pesca, o que axudou tamén a xuntar un bo número de socios. Deste xeito, o colectivo continúa a dinamizar a súa proposta de actividades e a súa continuidade, pois na actualidade xa suma case un centenar de socios. Ademais, continúa a súa aposta pola defensa desta actividade.

# TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

Emerxencias: 112

Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085

Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493

# DEPORTES

## Volveu a travesía a nado Ría de Viveiro con forza e con 101 deportistas



A travesía a nado Ría de Viveiro 2024 volveu este ano con forza con 101 nadadores anotados. A travesía, organizada pola ADC Alboi, celebrouse o domingo 18 con saída ás 16.30 horas dende a área etno-gráfica da Ínsua ata a praia de Area. Así os deportistas, nunha xornada na que o tempo acompañou, puideron completar os 2.250 metros de percorrido. Iván Fernández del Valle do Pabellón Ourense proclamouse campión da categoría mas-

culina, seguido de Álvaro Gómez Cardesín e David Castro Villar. No caso das mulleres, o máis alto do podio foi para Noa Borrazás Rodríguez do Sporting Club Casino, mentres que Marta Cruceiro Barreiro e Enma Buján Rouco lograron a segunda e terceira posición. Na presentación da cita participaron a alcaldesa de Viveiro María Loureiro, o concelleiro Jesús Fernández e o presidente da ADC Alboi.

## Terceiro posto para o Burela na Copa Ibérica de Futsal Feminino

O Burela FS disputou o primeiro título da tempada no Pavillón Multiusos de Fafe, a segunda edición da Copa Ibérica de Futsal Feminino. Enfrontáronse nun torneo ao mellor de catro xunto ao SL Benfica, que se proclamou vencedor, o Nun'Álvares Futsal, conxunto local, que logrou o segundo posto, e ante o Futsi Atlético Navalcarnero, cuarto clasificado no torneo.

Foron dous días de futsal que comezan co SL Benfica-Pescados Rubén Burela, cun resultado de 5-3 (A.P. 4-3) para o conxunto portugués e nun segundo partido das locais Nun'Álvares ante o Futsi, cun resultado final de 3-1 (A.P. 7-6). O domingo ábrese a xornada co SL Benfica - Futsi Atlético Navalcarnero cun resultado final 2-3 (A.P. 3-2) e remata co Nun'Álvares Futsal - Pescados Rubén Burela FS, finalizando cun 2-3 e sen rolda final de penaltis ao estar decidida a clasificación final sen empates.

O primeiro encontro do torneo para as burelesas pícaras, ante o SL Benfica, preséntase moi parello durante os 40 minutos. Tras o descanso, no 25, de novo Janice anota o 3-2 ta-



mén picándoa esta vez por encima de Caridad nun cara a cara e cinco minutos de xogo despois Fifó anota o cuarto nunha situación similar á anterior. No 31 Patricia logra recortar distancias nun dobre disparo desde o segundo pau pero no 35 Inés Matos remata desde a área un disparo de Fifó tras un saque de córner que sentencia o 5-3 final.

No encontro do domingo, logran impoñerse durante case todo o encontro, levándose o partido pero non coa suficiente diferenza de goles como para gañar o torneo, necesitando unha diferenza 3 goles para

o empate. Cun alto ritmo de xogo imposto polo Burela, sobre todo nos primeiros minutos do partido, abre o marcador Emily na primeira parte coándolla á porteira cunha entrada polo chan na área aproveitando un atinado saque de banda. Presionando con Cami de porteira-xogadora desde o minuto 37 buscando ese tanto que podería levalas á cima, Antía comete a 6ª falta no minuto 38 e chega o 3-2 no dobre penalti para o conxunto local, deixando sen moitas opcións xa ao equipo mariñán que necesita dous goles para empatar en menos de 2 minutos.

## UN MES PARA AS CARREIRAS

### ALFOZ-VALADOURO

O sábado 5 de outubro, celebrarase a III Carreira Popular Alfoz-Valadouro, unha cita destacada no calendario deportivo da comarca. O evento, que dará comezo ás 10.30 da mañá, contará cun percorrido adaptado para todas as idades e niveis. Os interesados xa poden formalizar a súa inscrición ata o 1 de outubro na web de Tour Mariña.

Os máis pequenos, na categoría de Pícaros, correrán un circuíto de 200 metros, mentres que os benxamíns percorreren 600 metros. Os alevíns terán un percorrido de 1200 metros, e os infantís e cadetes deberán completar un tramo de 1600 metros. A competición Absoluta, destinada aos corredores máis experimentados, desenvolverase sobre un circuíto de 6500 metros.

A saída terá lugar no pavillón municipal de Alfoz, situado en Mor, Alfoz, mentres que as metas e saídas das categorías inferiores, así como a Absoluta, estarán localizadas fronte ao pavillón municipal do Valadouro, na rúa Deputación. Este evento non só promove o deporte entre todas as xeracións, senón que tamén forta-



lece os lazos entre os municipios de Alfoz e O Valadouro, converténdose nunha xornada de celebración e convivencia.

### VAL DE FABAS

Os amantes do deporte e do atletismo teñen unha cita en Lourenzá. O concello acolle unha nova edición da carreira popular Val das Fabas, que terá lugar o 28 de setembro a partir das 17.00 horas. A carreira adoita partir dende a praza do Conde Santo pola tarde tanto para a categoría de nenos como para a proba absoluta e fixan límite de participación en ambas.

Os interesados poden inscribirse xa a través da web Tour A Mariña e poden facelo totalmente de balde se o fan antes do día 22. Poden participar as categorías prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e absoluta, tanto masculinas como femininas e as distancias van dende os 300 metros ata os 6,31 quilómetros da proba absoluta.

Obsequiarase cunha camiseta técnica conmemorativa a todos os adultos participantes que se inscriban entre os 150 primeiros ou ata fin de existencias E a recollida de dorsais e chips farase no portalón de entrada ó Concello, ó lado da Praza Conde Santo dende as 15 horas.

### MONDOÑEDO MONUMENTAL

A praza da Catedral de Mondoñedo será escenario dunha nova edición da Mondoñedo Monumental. A cita será o vindeiro 21 de setembro ás 18.30 horas Os primeiros en saír serán os cativos (2017 e posteriores), seguidos dos Sub 10 (2015-2016), Sub12 (2013-2014) e da Sub14 (2011-2012) Sub16 (2009-2010).

Os participantes da categoría ab-



soluta comezarán a correr ás 19.15 horas. a carpa da organización estará situada na praza dende as 15.00 horas ata 30 minutos antes da saída da carreira absoluta. Os prezos das inscricións varían en función da categoría e do momento no que se realice pero van desde 1 euro ata os 10. Os interesados xa poden anotarse na web Tour Mariña.

### HEROICAN RACE

Volve a Heroican Race a Ribadeo o domingo 29 de setembro cun percorrido duns 7 a 9 quilómetros, no que haberá que sortear de 25 a 30 obstáculos e estará completamen-

te sinalizado e pechado ao tráfico. A cita está considerada coma unha carreira de obstáculos ou OCR, nunha contorna natural, con obstáculos tanto naturais como artificiais.

Os menores de 18 anos deberán presentar unha autorización asinada polos seus pais. A carreira estará limitada a 12 quendas que tomarán saída cada 15 minutos, comezando dende as 10.00 horas. A quenda elite e a quenda popular competitiva terán normativa OSO. As quendas populares terán penalización *burpees*. Os dorsais poderanse recoller o domingo 29 de 8.30 a 12.00 horas no stand de la organización.

### MONTE COMADO

A Asociación cultural e deportiva Praias de Comado xunto co Concello de Barreiros organiza a oitava edición do Trail Monte Comado. A cita será o domingo 13 de outubro e conta coa colaboración da Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia. Ofertan trail 12km e trail 26km nas categorías sénior, para persoas nadas dende 2008 a 1980, ambos incluídos e veteranos, para os nados en 1979 ou antes.

## “Contamos cuns 100 socios de Burela, San Cibrao, Foz ou Madrid”

O club de tenis A Marosa cumpriu o seu décimo aniversario cunha intensa actividade todo o ano

Lucía Blanco

“Que aos nenos aos que lles guste o tenis puideran ter opción de xogar en Burela”. Este foi o impulso para que un grupo de amantes deste deporte dera un paso adiante e fundara o club A Marosa, que celebrou o seu décimo aniversario. “Nacemos en marzo do ano 2014 e a idea xurdiu a través dun grupo de amigos que sempre tiñamos ganas de que houbera un club de tenis en Burela. Fomos dando os pasos, chamando á Xunta, á Deputación e creámolos rapidamente”, conta Fernando Rey, o presidente.

Actualmente superan os 100 asociados, unha cifra que tamén os anima a seguir. “É algo que está moi ben e de feito estamos moi contentos, porque se trata dun deporte minoritario. Por exemplo, aquí en Burela hai moito fútbol sala e baloncesto”. Entre os seus membros, ademais de veciños, suman habitantes de distintos

puntos da Mariña e tamén de fóra da comunidade. “Hai xente tamén de San Cibrao e Foz e varios que son de Madrid, porque veñen veranear aquí. Eu creo que temos bastantes tamén porque temos unha cota moi asumible. Por 50 euros ano pódese apuntar unha parella e os dous fillos, é como se fora un carné familiar e outros equipos dinnos que é o que pagan por mes”.

A Marosa é un club de carácter familiar como así o demostran os seus xogadores. “Hai algúns veteranos, que roldan os 60, e outros máis novos e cativos porque os apuntan os pais. Temos un monitor que lles dá clase luns e mércores e tamén poden ir adultos”. Pero ademais da formación, manteñen ao longo de todo o ano unha intensa actividade que inclúe Liga de inverno, Liga de Verán, Torneo de Dobres e Copa para logo organizar unha cea na



que entregan os trofeos aos gañadores. “Despois participamos no campionato federado que se celebra sempre dende xaneiro a xullo e imos a xogar a Santiago, a Lugo a Coruña as fins de semana e é unha forma de coñecer outras pistas e instalacións e outros clubs”. Hai que cumprir unha serie de requisitos como estar federado, polo que o equipo compóñeno unhas 12 persoas. “Nunca hai problema para xuntar suficientes para ese día dos partidos. Este ano ascendemos a Segunda División, onde está tamén o Tenis Foz”. Ademais, organizan, en colaboración co Concello, o Torneo Memorial José Luis Yebra, unha cita grazas ao que durante un par de sema-

nas o municipio respira tenis e en lembranza do socio do club falecido no ano 2015, un dos grandes impulsores desta práctica.

A esta décima convocatoria, que tivo lugar no mes de xullo, coincidiu coa conmemoración dos seus 10 de fundación e volveu a concentrar un bo número de tenistas no complexo deportivo. “Foi no que máis participación houbo e mesmo na final daba gusto ver ao público alí nas pistas”. As categorías individual absoluta, dobres absoluta e dúas individuais xuvenís lograron unha boa resposta dos xogadores. “Participaron máis ou menos uns 40 e o tempo acompañou tamén. Leva o seu traballo, cadrar os horarios, chamar á

xente, xogar ese día pero paga a pena”.

Competicións deste tipo demostran que a afección pola raqueta asegura o seu futuro na Mariña, aínda que Fernando recoñece que foi a menos. “Eu creo que xa houbo máis. O pádel quitoulle bastante ao tenis, é outro tipo de deporte que se leva mellor, xógase entre 4 e está moi de moda”. Aínda así, fan un balance máis que positivo de toda a súa traxectoria. “O club está consolidado e vai ben. Tamén o Concello axúdanos co tema das instalacións, por exemplo cada 4-5 anos dáselle unha pintada ás pistas e colabora moito con nós”. Unhas pistas que probablemente se volverán a pintar no vindeiro ano e que poden reservar todos os seus asociados.

“Accedemos a unha web para reservalas cando queremos xogar, miras se hai dispoñibilidade e cóllela e é moi cómodo. Está en moi bo estado e ademais a contorna é preciosa sobre todo de verán, é un luxo”. Rey asegura que o tenis é un deporte no que se mellora a base “de adestramentos e de ir xogando *pachangas* entre nós”, pero que engancha polo que anima a todo o mundo a probar. “Diríalles a todos que viñeran un día, cando queiran, que quedaran co monitor e sinxelamente que probaran, non ten outra ciencia”.

## A AD Río Ouro organiza un torneo de fútbol 8

O municipio do Valadouro comeza a tempada deportiva cun torneo de fútbol 8 organizado polo Goberno local. A cita, que conta coa colaboración do AD Río Ouro, será o sábado 14 de setembro no Campo do Árbol. Na competición poderán participar as categorías prebenxamín (2018-2017), benxamín (2016-2015) e alevín (2014-2013). O torneo conta coa colaboración tamén da área de Deportes da Deputación de Lugo.

O fútbol 8 xógase segundo as regras do fútbol en formato reducido, normalmente cun equipo de oito xogadores por lado en lugar dos once tradicionais do fútbol 11 e é especialmente popular en categorías xuvenís e na formación de xogadores, xa que permite aos mozos mellorar as súas habilidades técnicas e tácticas nun espazo reducido e con menos xogadores.

## Komando Xoviético prepara a sétima Marcha Btt Xoviética



O Club Ciclista Komando Xoviético presenta as datas da VII Marcha Btt. A cita, que conta coa colaboración do Concello de Xove xa está en proceso, aínda que polo momento non presentaron o programa completo da proba. Finalmente, celebrarase esta nova convocatoria o 20 de outubro con esperas dunha boa participación, pois no 2023 lograron reunir a 194 riders.

De novo, o club está a traballar para organizar un domingo de puro BTT polas paisaxes do municipio e irá desvelando os horarios. Trátase dunha marcha, non competitiva,

para todos os públicos e amantes do ciclismo de montaña e apta para todos os niveis. A proba, que percorre uns 30 quilómetros de monte, xa está consolidada entre as probas non competitivas desta modalidade deportiva.

Aínda que en cada unha das edicións o percorrido pode cambiar lixeiramente, a paisaxe desta vila é unha constante. Ademais de moitos participantes da comarca, nos últimos anos conseguiron congregarse ciclistas de distintos puntos da comunidade como A Coruña ou Lugo e tamén de idades diversas.

## Rubén Villaverde imparte un curso de kumite en Ribadeo a final de mes

A Delegación de Deportes do Concello de Ribadeo, en colaboración coa Federación Galega de Karate e o Club Karate Shito-Kai de Asturias e Galicia, organiza un curso de kumite que terá lugar o vindeiro 28 de setembro. O curso será impartido por Rubén Villaverde Canal, destacado campión de karate, quen conta cun impresionante palmarés que inclúe catro títulos de campión de España en categoría individual e outros tantos por equipos.

Villaverde, que tamén foi dez veces campión de Asturias e seis veces campión nacional no estilo Gensei-ryu, trae a Ribadeo a súa ampla experiencia que inclúe ser subcampión de Europa Junior en 1998, terceiro clasificado en 1997 e campión de Europa Cadete en 1995.

A actividade terá lugar no polideportivo de Ribadeo entre as 11:00 e as 13:00 horas. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, anima a todos os amantes do karate a aproveitar esta oportunidade única de adestrar con un experto na materia, destacando a calidade e o recoñecemento que Villaverde aporta ao evento.

### PÁDEL + TENIS



Máis de 30 persoas participaron no Torneo de Pádel + Tenis, que se disputou en Ribadeo. Foi organizado polo Club de Tenis Ribadeo, que contou coa colaboración do Concello ribadense e da Xunta de Galicia. Na entrega de premios aos gañadores participaron o alcalde, Dani Vega, e o concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent.

# Roda de novo o balón

Arranca unha nova tempada de fútbol con cambios no regulamento para unificar as novas categorías, especialmente nas bases

Despois dun mes de agosto de quen- tar motores, chegou o momento es- perado. Arranca a Liga para todos os equipos de fútbol, que aproveitaron o verán para remodelar os seus equi- pos de cara a unha meta común para todos eles, crecer e superarse, ben sexa levándose o título ou mesmo o ascenso de categoría.

Para a maior parte deles o premio será manter a categoría pero sexa como sexa a maquinaria está en marcha e o balón xa botou a rodar e adaptándose aos novos cambios que trae este ano a Federación Ga- lega.

As competicións nacionais escolle- ron o inicio do mes de setembro para a estreia. Agás o CD Lugo, que en Primeira Federación xa leva dúas xornadas disputadas e sen moita fortuna. O equipo, que se remodelou dende a dirección, logrou a per- manencia o ano pasado in extremis, sendo o equipo mellor situado da provincia.

En Terceira Federación coinciden o resto de equipos que están en ligas nacionais. O Polvorín, filial do Lugo, e o Vilalbés, retornan a esta descendi- dos pero con forzas renovadas para seguir loitando. Neste mesmo grupo seguen a Sarriana, que non logrou o ascenso, e o Viveiro.

O equipo sarriao tivo moi preto o ano pasado a Segunda Federación, pero ao final escapóuselle o premio. Os catro equipos da provincia inicia- rán a Liga a fin de semana do 8 de setembro.

## PREFERENTE

Un dos primeiros cambios que se produce este ano é que a Preferente para a ser Preferente Futgal, aínda que segue na mesma liña e ten a mesma data de inicio da competi- ción. O Ribadeo e o Lemos conse- guiron o ano pasado manterse nesta difícil categoría e estréanse este o Pol, que pechou un ascenso directo logo dunha magnífica tempada, e o Escairón, que tivo que acudir á pro- moción para entrar no último paso do fútbol galego.

A gran novidade no formato de competición de cara á próxima campaña radica na posta en marcha dun *play off* de ascenso. Ata esta campaña ascendían catro equipos de maneira directa (os dous primei- ros clasificados de cada grupo). A partir desta mesma campaña man- teranse os catro ascensos, pero da seguinte maneira: os campións de cada un dos grupos darán o salto á Terceira Federación de maneira directa e as outras dúas prazas sai- rán dunha promoción na que parti- ciparán o segundo, terceiro, cuarto e quinto clasificados de cada grupo. Estes enfrontaranse de xeito cruza- do (2º contra 5º e 3º contra 4º) a ida e volta. Os vencedores disputarán unha segunda eliminatoria que dic- taminarán as outras dúas prazas e ascenso.

Non houbo tanta sorte para o Castro e o Residencia, que regresan á Pri- meira Futgal, a nova denominación da anterior Primeira Galicia, tamén coñecida como Primeira Autonomí- ca.

A categoría segue a ser de ámbito autonómico pero composta agora por 108 equipos repartidos en 6 grupos de 18 equipos cada un. Os lugueses seguen a competir xuntos no grupo 3 e tamén saíran ao verde a mesma fin de semana. Póñense en xogo 9 ascensos a Preferente. Aca- darán o pase directo os campións de cada grupo e os tres ascensos restan- tes saíran dunha promoción na que participarán os segundos e terceiros clasificados de cada grupo.

Seguen a ser o mesmo número de equipos, e xunto aos novos descendi- dos tamén están os ascendidos, como o Vilalbés B, o San Lázaro, o Pastoricense e o Oural.

As seguintes fins de semana de se- tembro será cando se inicie a com- petición para a Segunda e a Terceira Futgal, que tamén cambian de nome pero que previsiblemente seguirán o mesmo sistema que en anos an- teriores e nas que os cambios son as novas chegadas por ascenso ou descenso. A Federación aínda non fixo públicas as normativas destas



categorías pero poucos cambios se esperan xa que estas modificacións están máis centradas este ano no fútbol de base.

## NOVAS CATEGORÍAS

Así, nas categorías xuvenil, cadete e infantil creouse unha nova división, situada entre a anteriormente coñe- cida como Liga Galega e a Primeira Provincial. As antigas galegas levarán tamén o nome de Preferente Futgal ao lado de xuvenil, cadete e infantil, e a nova categoría distínguese como Primeira Futgal. Despois desta man- terase a división provincial.

Mantéñense por suposto as tres categorías nacionais, nas que está como único representante o CD Lugo. O xuvenil A está en Liga Na- cional Xuvenil, despois do descenso que acadou na última sesión men- tres que o B pasará por arrastre á agora Preferente.

En División de Honra cadete e infan- til estarán un ano máis tamén sós. En Preferente Futgal están o Vilalbés, o Lugo B e o Milagrosa no norte e o Calasancio no sur. Na cadete Lugo B e Residencia están como únicos re- presentantes, logo do descenso do equipo monfortino. Na infantil com- petirán o Residencia, o Polvorín e o Viveiro.

No relativo á Primeira Futgal queda- ron clasificados a tempada pasada os mellores equipos por debaixo dos

## O CD LUGO

O CD Lugo arranca tempada con novidades no seu cadro de xoga- dores. Guille Perero e Nathaniel Nicholas, aos que se uniu Raúl Her- nández, que chega á cidade amu- rallada tras completar a tempada 23/24 nas filas do CF Fuenlabrada e Jon Ceberio, mediocentro que formou parte do CF Intercity, pro- tagonizaron as primeiras presenta- cións. Únense a eles Jon Cabo, que completou o seu proceso formativo na canteira do Athletic Club, Martín Ochoa, que vén cedido do Depor- tivo, e Martín Ochoa.

A entidade tamén chegou a un acordo con Erik Ruiz, con Marcos

Sánchez, co catalán Roger Martí- nez, co porteiro Marcos Lavín e o defensa central Juan Rodríguez, procedentes do Alxeciras CF. A afección tamén poderá desfrutar do lateral esquerdo Ander Zoilo, procedente da canteira da Real Sociedade, de Alberto Vaquero e Yayo González. Pablo Cacharrón e Dani Vidal completan as presenta- cións.

Pola contra, o club cede a Andrés Castrín, que estará no Sevilla; Gonçalo Tabuaço, no CS Marítimo; David Rosón, que renova ata 2026 e xogará no Don Benito e finaliza o contrato con Fran Mérida.

ascendidos. Os da provincia de Lugo foron divididos en dous subgrupos. Na xuvenil están Chantada, Residen- cia, Palas, Sarriana, Becerreá e Antas. Na cadete quedan o Polvorín FC e o EF Polvorín, Vilalbés e Residencia B xunto a Chantada e Calasancio. Na infantil están Piringalla, Milagro- sa, Sarriana, Vilalbés, Ribadeo, Lugo B e Calasancio.

## LIGAS FEMININAS

Non haberá cambios nas ligas femi- ninas este ano, nas que o Lugo e o

PM Friol están como figuras des- tacadas na Terceira Federación, na que o primeiro logrou a permanen- cia no seu primeiro ano na catego- ría in extremis. Para as de Friol foi un ano complexo pero aseguraron pronto a súa praza. Arrancarán tamén o 8 de setembro a contenda. As ligas galegas femininas retrasa- ranse algo máis. Estrearanse o 15 de setembro a Primeira e a Segun- da. Logo do descenso do PM Friol B non haberá representación da provincia na categoría máis alta. Tampouco se coñece aínda a com- posición do resto.

## O VIVEIRO CF

O Viveiro CF tamén cambiou de adestrador, e será Jandry Rego o que se encargue de levar ao equipo ao máis alto. O que foi o asistente de Alberto López toma o mando e xa se encargou da pretempada.

Hai cambios no equipo pero non tantos como no resto de catego- rías. Na porta estarán Ayoub e Lluc, vellos coñecidos da afección, e no medio campo seguirán Diego Fernández e Diogo Petiz, aos que

se suman as incorporacións de Chucas, Víctor Fernández, Xoel, Salomón Teijo e Lucas Fanego, mentres que serán Juan, Rolle, Adri Lombao, Arturo e Cora os que seguirán defendendo os co- res celestes. Na liña dianteira es- tarán Carlos Teixeira, Jorge e Xoel Ferro. Posteriormente foron incor- porados Álex Vila e Diego Herrador e tras varias baixas reforzaron o mediocentro con Pablo Calvete.



## O VILALBÉS

O **Racing Vilalbés**, que non logrou manterse en Segunda RFEF por moi pouco despois da súa estrea histórica, volverá á Terceira con moita ansia de atopar de novo a senda do ascenso. Aos mandos está agora Alberto López, ex técnico do Viveiro, xa que Simón Lamas deixou o equipo cando se produciu o descenso. Xunto a Lamas tamén houbo outras 15 baixas polo que hai un Rá-

cing totalmente novo. Entraron no equipo Rodolfo Perilae, Borja Míguez, Anthony Gardette, Gabri Barroso e Adrián Fernández na parte de diante. Na defensa están agora Edgar Redondo, Martín da Lama, Asier Burundarena e David García. Estas incorporacións súmanse a veteranos como López, Vérez, Make, Javier e José Varela, Buyo e Santomé. Do filial chegan Noel, Pedro, Álex e Edu así como xuvenís Iago e Sergio.



## A SARRIANA

A **Sarriana** contará este ano con novo adestrador, Jaime Paz, que procede do Villarreal, onde formou parte do corpo técnico de Quique Setién. Tamén foi asistente técnico no Oviedo. Así, con Jaime Paz forman parte do corpo técnico do club Juan Noé, Adriano Sousa, David, Diego e Santi Prieto. Por outra parte, anunciáronse as renovacións de xogadores do equipo como Javi Liz, Valentín Mosqueira, Tomás Susavila, Maxi Levbrand, Keko Vilariño, Jacobo Vilariño, Adri-

Díaz, Álex Boedo, Diego Rey, Cuadrado, Arona e Brais Prieto. Mentres, tamén se anunciaron as incorporacións de novos xogadores, que son Álex Millán, Martín López, David Guitián, Froilán Contreras, Youseff Sánchez, Rai, Luis Díaz e Santi Gegunde. Ademais, durante a pretempada, xogarán co primeiro equipo varios integrantes do sénior B, como Rubén Mourelo e Brais López, e o do xuvenil, como Óscar, Uxío, Pablo No, Adrián Pardo e Guti.

# O comezo escalonado do Fútbol Sala

Importante representación dos equipos da provincia nas principais categorías, con tres nas femininas e outros dez nas masculinas

O fútbol sala tamén volverá ás canchas pero no seu caso será de forma máis escalonada nun ano no que existe unha importante representación de equipos da provincia na elite deste deporte.

Galicia é unha potencia e Lugo contribúe a iso. 3 equipos nas dúas categorías femininas e 12 nas 5 masculinas son un número máis que representativo.

O Pescados Rubén Burela segue a ser o máximo referente cunhas laranxas que non paran de encadear triunfos e con eles tamén situados na Primeira División. Para elas o comezo está máis preto, a mediados de mes, mentres que eles terán que esperar ata outubro.

Xunto ao Burela está o Castro FSF tamén en Primeira, que logrou manterse na categoría. Estrearse, pola contra, en Segunda División feminina, o Vilalba FS, que logrou un ascenso histórico, ao igual que fixo o Lugo Sala na masculina, que se estrea na categoría de prata por primeira vez na súa corta historia.

Á Segunda División B regresa o Ribeira FS, que estará xunto ao Xove e o Vilalba.

Na Terceira división tamén hai representación importante, como o

Insuas do Miño, que conserva a categoría finalmente logo da renuncia dun rival. Estarán xunto a este Begonte, Outeiro de Rei, PM Friol, San Xoán de Guitiriz e Praias de Barreiros. Os begontinos regresan á categoría mentres que o PM Friol está de estrea.

Completan a lista dous equipos lugueses que se manteñen un ano máis na máxima categoría xuvenil, o Ribeira e o Lugo Sala.

A primeira en empezar será a Primeira feminina. A fin de semana do 15 será a vez dos xuvenís, a Segunda División B e a Terceira. Seguirán a Segunda feminina e masculina e os últimos en unirse son os de Primeira División masculina.

A Preferente tamén sairá ao parque o 15 de setembro.

## A COPA DEPUTACIÓN

Mentres as ligas non comezan, os pavillóns contarán co movemento que achega a V Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participan 40 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina e que se disputará ata o 1 de novembro. Xogarán as dúas primei-

ras sesións a principios de setembro. A fin de semana do 12 de outubro e a ponte do 1 de novembro foron os días escollidos para completar a competición.

De Preferente e Primeira División Feminina participan nove equipos: Ribeira Lieders FS, Concello de Begonte FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Burela Pescados Rubén B, Os Meigallos, FSF Castro Supexport B, SD Castroverde, Taboada Futsal.

De 3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina participan 12 equipos: Ribeira FS B, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Concello de Begonte FS, Fonsagrada FS, Os Meigallos FS, Club Deportivos Casás, PM Friol FS, ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.

De Primeira e Segunda División Masculina participan 19 equipos: CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concello de Begonte FS B, Luisitalla, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abeila FC, FSF Castro Carnemax, A Lareira Os Meigallos FS B, Club Lemos FS, Desguaces Herbón.



## DE RUTA EN RUTA

# Xove: Ruta Pau da Vella

O percorrido foi proposto pola Asociación de Mulleres Bolboretas no 2006

Esta ruta de tipo circular e dificultade media foi proposta pola Asociación de Mulleres Bolboretas de Xove en marzo do ano 2006. Tratouse dunha iniciativa de tipo ambiental desde o seu comezo, para que se tivo en conta tanto o gusto pola práctica do sendeirismo como polo contacto coa natureza.

O percorrido Monte Pau da Vella ten o seu inicio fronte ao centro social de Penasagudas, ao que se chegue tras percorrer uns 11 quilómetros dende o centro de Xove pola estrada LU-P-2604. O traxecto transcorre e gran parte polos camiños veciñais da Comunidade de Propietarios Laxamoura, que agrupa á case totalidade dos habitantes de San Isidoro de Monte.

Seguiremos ata esta parroquia e ao chegar á igrexa de San Isidoro, que data do século VI e foi reformada no 1966, hai que seguir as indicacións do panel informativo. A poucos metros do letreiro, a través dunha pista sen asfaltar á esquerda, continuará tres quilómetros. Un novo



cartel sinala o resto do traxecto de dous quilómetros aproximadamente ata a cima. No cume deste miradoiro atópase unha cruz de granito, probablemente a máis antiga do municipio, dun metro de altura.

O punto central da ruta de sendeirismo é o Monte Pau dá Ve-

lla, que lle dá nome ao carreiro. Situado na Serra do Buiro, na parroquia de Monte, é o punto máis alto do municipio con 702 metros de altitude e constitúe o marco divisorio do Ferreira do Valadouro, Cervo, Viveiro e Xove. Descoñécese a orixe deste monumento, de feito hai



teorías que aseguran que está dedicado aos deuses nun antigo camiño romano que puido pasar por aquí e que foi adoptada polo cristianismo.

Grazas a súa altura, desde este punto pódese gozar dunhas fermosas vistas do litoral de Xove e San Cibrao, dos cumios do Xis-

tral, e non vemos a costa ata Asturias xa que as cubre un manto de nubes que asoman os picos das montañas litorais.

A paisaxe está dominada por grandes pastos onde o gando se cría en liberdade e o silencio só se tende a romper polo son das aspas dos muíños de vento.



## DATOS



3 horas



11,6 quilómetros



Dificultade media



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



[www.corbarsil.com](http://www.corbarsil.com)



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.